


MARÍA CASARES

VIVENCIAS DE INFANCIA E XUVENTUDE

1922-1936



Inés Rey García
Alcaldesa da Coruña

Textos:
Xosé Alfeirán

Fotos e documentos históricos:
Arquivo do Reino de Galicia, Archivo General de la Administración, Archivo Histórico Nacional, Arquivo Municipal da Coruña, Biblioteca de Estudos Locais da Coruña, Biblioteca Nacional de España, Bibliothèque Nationale de France, Institut Mémoires de l'édition contemporaine, Centro Cartográfico y Fotográfico del Aire-Ministerio de Defensa, Rexistro Civil da Coruña, Ateneo Republicano de Galicia, Colección Sánchez Arévalo, Colección Bartolomé-Chavert, Concello da Coruña.

Deseño:
David Carballal estudio gráfico, SL

Impresión:
Anduriña

Depósito legal: C303-2022

- © dos textos, os seus autores
- © das imaxes, arquivos e institucións das que proceden
- © da presente edición, Concello da Coruña

O Concello da Coruña celebra neste 2022 o Ano María Casares, con motivo do centenario do seu nacemento. Ao longo dos seus meses achegarémonos á vida, á traxectoria artística e ao testemuño vital da gran dama do teatro que deu a nosa cidade.

Este conxunto de postais recompila escenas da súa infancia e xuventude. A maioría son imaxes familiares, dela, de seu pai Santiago Casares Quiroga, protagonista da II República, da súa irmá Esther, da súa nai Gloria Pérez Corrales, e de parentes e amizades. Hai momentos históricos vividos na Coruña ou Madrid, pero sobre todo son historias íntimas e persoais. Unha traxectoria vital semellante á de moitas outras mozas da burguesía liberal que viviron nesta cidade no primeiro terzo do século XX, antes de que o levantamento franquista acabase con todo o que de progreso, modernidade e esperanza trouxera o movemento republicano.

As notas que acompañan este feixe de recordos, das que é autor o historiador coruñés Xosé Alfeirán, vannos descubrindo o que agochan e como María interpretou anos despois a súa infancia e xuventude. Esta é, ao meu entender, unha das virtudes desta colección: a recuperación do que María Casares deixara escrito ou declarado invítanos a contemplalas mentres ela fálanos, relatando os feitos e interpretando o vivido. Achéganos á súa alma, porque é ela quen nos desvela a intimidade do que observamos.

O Concello da Coruña ten honrado a memoria do republicanismo coruñés con libros, exposicións e monumentos. Foi o Concello quen reparou a inxustiza da depredación sufrida pola familia Casares, adquirindo a súa casa da rúa Panadeiras (o «crisol máxico» que teceu a personalidade de María) para convertelo nun lugar de reparación, tanto persoal da familia Casares Quiroga, como colectivo de todas as persoas que, como eles, pero moitas veces de xeito anónimo, deron mesmo a súa vida e, cando menos, a súa facenda e a súa liberdade, por ter defendido uns ideais de avance político e social que tanto ten que ver coa nosa identidade coruñesa. Conmemorar a María Casares neste ano insírese nesa traxectoria de dignificación da memoria e permite contribuír á reparación da inxustiza.

María Casares levou a lembranza da Coruña durante toda a vida, mesmo cun chisco de dor. A Coruña lembrará para sempre a María Casares como a filla pola que se sente un profundo orgullo.

Inés Rey García
Alcaldesa da Coruña

De quen vés sendo?

«As fadas que presidiron o meu nacemento, a educación recibida, a miña curta existencia nas doces terras galegas batidas polo mar Atlántico, dotáronme dalgúns tesouros. Unha saúde de ferro, o sentido do abalo das estacións, o gusto pola natureza e por tanto do natural, o poder de concentración, a imaxinación, un interese apaixonado polo corazón humano, a atracción polo misterio, a procura de universos poéticos, o noxo pola vulgaridade onde queira que se encontre, as riquezas da soidade, un carácter forte, a xenerosidade, a auto-esixencia, o amor por aqueles que me fixeron, o orgullo polo que me deran, a familiaridade cos textos, os rituais, a música, o espectáculo teatral, un coñecemento da vida pública, das mareas humanas, das vaidades da gloria; e sobre todo o sentido do sagrado, unha aceptación viva, fonda e vehemente perante a vida e a morte, e un esbozo dun desexo por alcanzar a unha e a outra, tratando de buscarlles ou darlles un sentido.

Estes dons, enténdase, levaban consigo o reverso; e a insociabilidade, o medo das cidades, un individualismo irado nunha época que nos conduce dereitiños ao formigueiro, a necesidade feroz de independencia e de vida múltipla, a desmesura, unha moral persoal pero rigorosa, obcecada coa reivindicación constante de liberdades, unha falla de indulxencia para min e logo para os máis, as inhibicións nadas do orgullo, unha repulsa da multitude; e tamén unha tendencia a un perigoso despotismo, inconsciente ao primeiro, revelado despois, disfrazado ao cabo, e que eu teño aínda de combater coma a violencia, a pesar deste extraordinario catalizador que é o teatro; todo isto engadido a aquilo e aos meus pulos fondos e escuros, vedados ao meu coñecemento e que encontran, talvez, a súa utilidade en escena, forma o lote que a fada mala puxo no meu berce para complicar as miñas relacións coa vida e cos meus semellantes».

María Casares. *Residente privilexiada*. 1980

[tradución ao galego de Ana Belén Martínez Delgado, Editorial Trifolium, 2009]

Vitola, así a chamaba seu pai, Santiago Casares Quiroga, avogado, burgués de posición desafozada, republicano federal de esquerdas, concelleiro na Coruña, fundador da ORGA, do *Partido Republicano Gallego* e de *Izquierda Republicana*, asinante do Pacto de Lestrove e do Pacto de San Sebastián, membro do Comité Revolucionario e do Goberno provisional republicano, deputado, ministro de Mariña, de Gobernación e de Obras Públicas e presidente de goberno da II República española. Orgullo, paixón, xeito de ser, intelixencia, capacidade. Iso era María Casares. Naceu o 21 de novembro de 1922 na rúa Panadeiras da Coruña. A súa nai, Gloria Pérez, era unha muller de gran fermosura, filla de solteira dunha mestra cigarreira. Ademais tiña unha media irmá, Esther, maior que ela.

Educada na liberdade e nos valores republicanos da súa familia, gozou dunha infancia feliz na cidade herculina, veraneando en Montrove e tomando os baños en Bastiagueiro. En 1931 trasladouse, debido ás obrigas políticas do seu pai, a vivir a Madrid. Alí ingresaría no *Instituto Escuela*, unha das institucións educativas e pedagóxicas de vangarda de España, onde rematou os seus estudos de primaria e comezou os de bacharelato. O inicio da guerra civil en xullo de 1936 troncou, como a do resto da xente, a súa vida persoal e familiar. Tras prestar uns meses de servizo como voluntaria no hospital Oftálmico, marcharía coa súa nai ao exilio en Francia —instalándose en París, coincidindo co seu catorce aniversario—, país que a acollería e a trataría como unha residente privilexiada. Aquí desenvolvería unha intensa carreira, chea de éxitos e premios, como actriz de teatro e cine, converténdose ademais en musa de escritores e pensadores existencialistas. Galega teimuda, actriz universal, comprometida coas vangardas artísticas e culturais, mito da escena francesa, símbolo do exilio e da España republicana, democrática e culta, emblema da Coruña libre, voz e triunfo da Galicia emigrante e desterrada, encarnación da dignidade e liberdade, ollos verdes, vida ardente, filla do Océano. Faleceu o 22 de novembro de 1996.

Memoria, sentimentos, identidade, historia, acontecementos

En 1979 María Casares escribiu en francés unha autobiografía. Foi publicada co título de *Residente privilégiée* pola editorial Fayard en 1980; sería traducida ao castelán en 1981 por Fabián García-Prieto Buendía e Enrique Sordo para a Editorial Argos Vergara, e en 2009 ao galego por Ana Belén Martínez Delgado para a Editorial Trifolium. No seu libro, María advertiu ao lector que «non pode nin quere responder ao que sería considerado como un libro de memorias», senón que «debe permanecer en fiel acordo ao que me dita “miña memoria” porque é xustamente para ir na súa busca que eu decidín escribilo».

Cunha notable calidade literaria e unha estrutura narrativa complexa, María fai unha intensa introspección sobre o seu pasado, a súa traxectoria vital e as súas metamorfoses. Non busca establecer co seu relato a verdade histórica dos feitos senón —de acordo coa súa memoria— responder e reflexionar, dunha forma apaixonada e, ás veces, teatral, sobre a súa familia, as súas raíces, a súa identidade e os cambios e as experiencias sufridas. Son as súas lembranzas reconstruídas e escritas antes de cumprir os 57 anos, tras pasar corenta anos de exilio en Francia, onde convertérase nunha famosa actriz, e despois da súa viaxe de retorno a España realizada en 1976, e responden á necesidade de saber quen é e de atopar e reafirmar as súas raíces, a súa identidade e o sentido da súa vida fronte ao desarraigo e o conflito de identidades que sofren os exiliados.

No seu libro dedica numerosas páxinas, con fondas reflexións, a relatar e describir persoas, lugares, feitos e sentimentos que lle pasaron na súa infancia e xuventude desenvolvida na Coruña e en Madrid entre 1922 e 1936. Esa información, debido ao espolio e destrución dos bens patrimoniais e documentais da súa familia durante a ditadura franquista e á falta doutros testemuños familiares, converteuse case na fonte principal para moitos historiadores, biógrafos e comentaristas que se achegan á súa intrahistoria e á de seu pai; pero no seu uso, ás veces, esquecen a advertencia da propia María sobre a posible diverxencia entre a súa memoria e a historia, que gran parte do narrado baseábase, non nun diario coetáneo dos feitos, senón na recuperación e reconstrución das lembranzas, dos relatos orais oídos e das percepcións vistas cos ollos dunha infancia-adolescencia xa moi distante, peneirados pola súa longa experiencia vital, teatral e dramática e que a finalidade da súa escritura era a catarse persoal.

Con motivo do centenario do nacemento de María Casares o Concello da Coruña, a iniciativa da Concellaría de Educación e Memoria Histórica, edita esta colección de postais dedicada á súa infancia e adolescencia. Son 36, en alusión simbólica ao ano 1936, cando tivo que exiliarse de España e deixar de ser unha adolescente para entrar bruscamente na madurez. E recollen episodios e vivencias relacionados coa súa orixe, a súa familia, os seus lugares e a súa vida de nena na Coruña e de adolescente en Madrid ata ese ano. Cada unha consta dunha foto ou imaxe relacionada con ditas vivencias, procedentes de diferentes institucións e persoas; algunhas delas están coloreadas para incrementar o seu efecto estético. Van acompañadas dun texto composto dun fío condutor e unhas breves palabras de María Casares, entresacadas das súas memorias, nas que relata as súas lembranzas sobre un aspecto concreto da súa familia ou vida; esas palabras están seleccionadas da súa edición en galego, pero os textos están entrecortados e modificados para adaptarse ao pequeno espazo dispoñible na postal.

Nalgúns casos, a lembranza de María é contrastada cos datos históricos contemporáneos publicados na prensa da época ou nas obras de María Lopo, *O tempo das mareas. María Casares e Galicia*, Consello da Cultura Galega, 2016 e de Xosé Alfeirán Rodríguez e Ana Romero Masiá, *A voz de Santiago Casares Quiroga. Documentos para a súa autobiografía 1884-1931*, Instituto de Estudos Coruñeses José Cornide, 2020. Este contraste permite reflexionar sobre as diferencias existentes entre a memoria e a historia e clarificar ou desbotar certos datos relacionados coa vida dos Casares Quiroga.

O meu agradecemento ás institucións e persoas das que proceden as fotos e documentos, a Ana Romero, María Lopo, Bea Doldán, Alfonso Fernández Bernárdez e David Carballal.

Xosé Alfeirán

Informe da Brigada de Investigación Social sobre María Casares en 1969

[Archivo Histórico Nacional. Non sabemos porque nese ano a policía franquista fixo este informe no que se recolle, ademais de datos correctos sobre María Casares e a súa familia, rumores sen fundamento como unha posible visita clandestina á Coruña en 1952]

«La Coruña, 26 marzo 69
Sobre MARÍA CASARES QUIROGA [sic]

Brig. Inv. Social.-R.S. nº 1082
núm. 3764 de 20-3-69

En cumplimiento a lo interesado por esa Comisaría General, en escrito de la referencia, relativo a cuantos antecedentes puedan obtenerse acerca de la epigrafiada, hija del que fue presidente del Gobierno durante algún tiempo en época de la República, se participa lo siguiente:

Los datos filiatorios que de ella figuran en el Juzgado Municipal número 1 de los de esta Capital, en libro 338, Tomo IV, Folio 666, son los siguientes: MARÍA VICTORIA CASARES PÉREZ, nacida el 21-11-22 en La Coruña, hija de Santiago Casares Quiroga, Abogado y de Gloria Pérez Corrales, habiendo tenido lugar el natalicio en la calle Panaderas, 12, principal de esta Ciudad.

De los datos aportados por personas conocedoras de esta familia, se sabe que la informada se ausentó de La Coruña cuando contaba solamente unos 8 años, sobre el año 1931, yéndose a Madrid donde permaneció con sus progenitores hasta el derrocamiento de los rojos, en que toda la familia marchó a Francia, razón por la cual, no ha vuelto a residir en esta Ciudad.

En Francia trabaja como artista de teatro en París gozando de gran renombre en esta actividad, e incluso participó en el reparto de alguna película. Se tiene referencia de que, hace aún pocos años, conservaba la nacionalidad española. En alguna ocasión le pusieron dificultades para actuar en teatros, dada su nacionalidad española, oponiéndose a perderla, aunque ante tal disyuntiva tuviera que optar por dejar el teatro, “ya que ella era española por encima de todo”.


Asimismo se sabe que en distintas ocasiones envió poderes a distintas personas en esta Ciudad, a fin de que velaran por los intereses patrimoniales que conservaban en esta Capital y proximidades, entre los que se contaba una casa de la calle Panaderas y un chalet en Montrove-Oleiros, no cumpliendo fielmente dichos apoderados su cometido, por lo que se cree que hacia el año 1952 en que se promulgara una disposición relativa a la devolución de bienes incautados a personas exiliadas, permaneció con dos señores de esta Ciudad, interesándose por dichos inmuebles patrimoniales creyéndose que en dicha ocasión viajaba con nombre supuesto.

En La Coruña también residió una hija natural de D. Santiago Casares Quiroga, llamada ESTHER CASARES QUIROGA, nacida el 10-7-909 en Madrid, hija de Santiago, y que tenía su domicilio en esta Ciudad, calle la Franja, 16, 2º, la que fue detenida a principios del Movimiento e ingresada en la Prisión Provincial, con el propósito de que permaneciera en rehenes hasta lograr su canje por otro prisionero de Guerra que, al fin no se llevó a cabo, dedicándose a coger puntos a las medias, padeciendo tuberculosis y marchándose al fin para Méjico, reclamada por su esposo, ENRIQUE VARELA DE CASTRO que había sido capitán de Caballería de la zona roja y emigrado a dicho país al finalizar el Movimiento, expidiéndosele a aquella Pasaporte núm. 4782/55 por esta Jefatura y poder especial notarial de su citado esposo para ello, sospechándose haya fallecido ya.

En esta Jefatura Superior, solo figura en la Brigada Regional de Investigación Social un escrito de la Comisaría General de Investigación Social, fecha 26 de mayo de 1967, en el que se dice: “En relación con la consulta que se formula en nota de esa Brigada, fecha 20 del actual, relativa a una tal MARÍA CASARES se participa que, en efecto, se trata de la hija de SANTIAGO CASARES QUIROGA”.

En “España Libre” de 26-3-54, se menciona, entre otros, a la informada, que dice: “París, cena homenaje expresando su fidelidad causa libertad”.

EL JEFE SUPERIOR
Dirección General de Seguridad
COMISARÍA GENERAL DE INVESTIGACIÓN SOCIAL.- MADRID»



ÁRBORE XENEALÓXICA DE MARÍA CASARES
[Ata o grao de primos/as]

- 1 Panorámica aérea da Coruña. 1924-26? Colección Bartolomé-Chavert
- 2 Santiago Casares Paz. 190? ARG, Familia Casares Quiroga, C-44903/57
- 3 Rogelia Quiroga cos seus fillos Arturo e Santiago. 190? ARG, Familia Casares Quiroga, C-44903/82
- 4 Arturo, Santiago e Ceferino Casares Quiroga, 189? ARG, Familia Casares Quiroga, C-44903/26
- 5 Santiago Casares Quiroga. 30-1-1907. ARG, Familia Casares Quiroga, C-44903/80
- 6 Celia Pérez Corrales. 19? ARG, Familia Casares Quiroga, C-44903/20
- 7 Gloria Pérez Corrales. 192? ARG, Familia Casares Quiroga, C-44903/23
- 8 Santiago Casares Quiroga. 192? ARG, Familia Casares Quiroga, C-44903/115
- 9 Pasaporte de Santiago Casares Quiroga e Gloria Pérez Corrales para a súa viaxe de casados por Europa. 18-4-1922. Ateneo Republicano de Galicia
- 10 Acta de nacemento de María Casares. 21-11-1922. Copia da folla do Rexistro Civil da Coruña
- 11 María Casares no seu carriño de bebe. 1923? ARG, Familia Casares Quiroga, C-44903/95
- 12 María no colo da súa nai Gloria. 1923? ARG, Familia Casares Quiroga, C-44903/90
- 13 María nos brazos da súa irmá Esther diante da porta do Atlantic Hotel. 1924? ARG, Familia Casares Quiroga, C-44903/46
- 14 María Casares con mameluco e unha boneca. 21-11-1926. 1926. ARG, Familia Casares Quiroga, C-44903/77. Foto coloreada
- 15 Alzado da fachada da casa da rúa Panadeiras. 20-8-1925. Arquivo Municipal da Coruña, C 471-7
- 16 Anuncio-reportaxe do Collège Français. Revista coruñesa *Domecq en Galicia*, nº 2, agosto de 1927
- 17 Folla do caderno escolar de María Casares. 31-4-1931. Ateneo Republicano de Galicia
- 18 Oleiros. Foto área. Voo americano 1956-57. Centro Cartográfico y Fotográfico del Ejército del Aire, Ministerio de Defensa. Instituto de Estudios del Territorio da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestrutura da Xunta de Galicia
- 19 Gloria Pérez Corrales. Óleo de Luis Mosquera. 1930? Concello da Coruña. Doazón de José Antonio Buces e Paloma Renard. Foto Andy Pérez
- 20 Os presos políticos no patio do cárcere Modelo. Foto Alfonso. 8?-2-1931. Archivo General de la Administración, Estudio fotográfico Alfonso, 0340801
- 21 A familia Casares Quiroga rodeada de amigos no salón biblioteca da casa da rúa Panadeiras. Foto Cancelo. 28-3-1931. Biblioteca Municipal de Estudios Locais. PM-FGC/58
- 22 Primeiro consello de ministro da II República. 15-4-1931. Foto Alfonso. Archivo General de la Administración, Estudio fotográfico Alfonso, 012274
- 23 Voda de Esther Casares Quiroga. 3-7-1931. Archivo Histórico Nacional
- 24 Banquete oficial na embaixada de Portugal ao presidente da II República española e a súa muller. 15-2-1932. Foto Alfonso. Archivo General de la Administración
- 25 Sección preparatoria do Instituto Escuela de Madrid. Foto publicada na revista AC. *Documentos de actividad contemporánea*. 1933. Biblioteca Nacional de España
- 26 María con seus pais en Ronda. Febreiro de 1933. Archivo General de la Administración
- 27 María Casares lendo no expositor da súa biblioteca infantil. Fotos publicadas en *La Voz*, esquerda, e *Nuevo Mundo*, dereita. 11/12-5-1933
- 28 María Casares no seu papel de vella. Xuño de 1933? Reproducido de María Casarés, *Résidente privilégiée*, 1980. Foto coloreada
- 29 María Casares co seu disfraz de chinesa. Febreiro de 1934. Reproducido de María Casares, *Résidente privilégiée*, 1980. Foto coloreada
- 30 María Casares. Óleo de Luis Mosquera. 1935? Concello da Coruña. Foto Andy Pérez
- 31 María Casares e unhas amigas na praia de Bastiagueiro. Agosto de 1935. Institut Mémoires de l'édition contemporaine. Reproducido de María Lopo, *O tempo das mareas. María Casares e Galicia*, 2016. Foto coloreada
- 32 María Casares no Parterre do Parque do Retiro de Madrid. 1935. Institut Mémoires de l'édition contemporaine. Reproducido de María Lopo, *O tempo das mareas. María Casares e Galicia*, 2016. Foto coloreada
- 33 Santiago Casares Quiroga, presidindo o seu primeiro consello de ministros. 13-5-1936. Colección Sánchez Arévalo
- 34 Gloria Pérez Corrales no Hospital Oftálmico lendo un capítulo dunha novela a un ferido convalescente. Bibliothèque Nationale de France. A foto de Videva foi publicada en *Crónica* de Madrid. 23-8-1936
- 35 Grupo de médicos, enfermeiras e feridos no xardín do Oftálmico. Foto de Videva publicada en *Crónica* de Madrid. 23-8-1936. Biblioteca Nacional de España
- 36 María Casares e as súas compañeiras e profesoras no liceo Víctor Duruy. Curso 1936-1937. Institut Mémoires de l'édition contemporaine. Reproducido de Berthe Judet, *Photobiographie Maria Casarès*, 1984



1922

Son de aquí: Galega e coruñesa

[Panorámica aérea da Coruña. 1924-26?

Colección Bartolomé-Chavert]

Nas súas memorias, María Casares resalta a súa identidade de orixe, xeográfica e étnica:

«O ceo recúa, a luz bascula, o arco da vella cúrvase para abrazar a terra e ao lonxe aparece a liña pura de vastas praias, enormes cunchas de ouro aferradas ao confín último das terras encaixadas na sombra ocre das rochas resplandecentes de sal e de chuva [...]. A luz da anoitecida abala os barcos de pesca ao abrigo. E os carreiros son un formigueiro de torrentes, de nenos louros de ollos claros, castaños, azuis, verdes, nados deste vaivén das mareas, destas paisaxes movedizas, desta longa ollada virada cara aos barcos que parten, cara a ese horizonte magnífico, cara a aquelas augas mariñas interiorizadas, cuxa intimidade se abanea de soños, de lendas, de medos ancestrais, de visións escintilantes, de tebras, de nostalxias, de *morriña*.

Eu nacín neste curruncho de terra que vira as costas ao continente e, sen embargo, recibe os peregrinos de Santiago de Compostela, na Coruña, vila peninsular anicada nunha baía, sobre a punta do nariz que a península ibérica sinala no Atlántico. Unha nena máis nesta tribo bulideira [...].

Terras de paisanos iletrados, desconfiados, avarentos —disque— reservados, arteiros, católicos e fondamente pagáns, traballadores, bébedos, sensuais e imaxinativos, íntimos da Santa Compañía, da Carreta Pantasma, das *meigas*, do Macho Cabrún, *O Trasgo*; [...] retranqueiros e cheos de humor [...]. Os meus irmáns e a súa linguaxe gutural e áspera cando provén da montaña, doce e cantareira preto da mar ou cando vén de mulleres [...]. Os meus irmáns, ciscados polos catro recantos do mundo, en América, en Europa, en España [...].

Eu nacín aquí. Meus pais naceran aquí e máis meu avó paterno e a miña avoa paterna, e tamén a miña avoa materna e máis lonxe na miña ascendencia os meus antepasados e a súa proxenie».



ENRIQUE F. BELLO  D. CORUÑA.

A familia paterna

Os Casares Paz

[Santiago Casares Paz. 190?

ARG, Familia Casares Quiroga, C-44903/57]

«Da parte do meu pai, eu só o coñecín a el, pois seus pais e seus irmáns estaban mortos e soterrados antes de eu nacer [...]. Desapareceran todos, levados pola tise, pola epilepsia ou por complicacións cardíacas». María o que sabe deles son «contos e anécdotas» que durante a súa infancia lle contaron, froito —ela mesma o di— da «imaxinación de meu pai e o gusto novelesco de mamá».

«Tocante ao meu bisavó, fixéronse, sobre todo, dúas historias. A primeira é que este home ocupaba o seu lecer, raro, na caza de lobos que abatía armado só cun cataxo. A outra é que, coidando, cando seu fillo fixo seis anos, que era tempo de que o seu rebento aprendese a vivir e a encontrar só a súa mantenza, puxéao realmente á porta da súa rica mansión para que non

se lle ocorrese afacerse á boa vida». Nada diso foi real. Os seus bisavós, Matías Casares Blanco [1816?-188?] e Jacinta Paz Iglesias [1819-1903], naceran en Touro e migraron a Santiago, onde exerceron as profesións de xastre e costureira e onde naceron seus fillos: Santiago [1845-1920], Manuel [1851-19??], Francisca [1853-1894], José [1857-1904] e Dolores Casares Paz [1858-1887]. Cara a 1868 trasladáronse a vivir de aluguer á Coruña.

As súas orixes son modestas, e deles, a base de esforzo, intelixencia e sorte, destacarían Santiago Casares Paz, o avó de María, e seu irmán José que desde simple soldado chegaría a ser catedrático de álgebra, cálculo e contabilidade na Escola de Comercio da Coruña. Os demais exerceron oficios artesanais: Francisca foi costureira-tecedora, Dolores cigarreira e Manuel xastre. Tamén sabemos que Manuel marcharía, cara a 1874, a San Sebastián onde nacerían seus fillos e netos. Deles, moitos anos máis tarde, María coñecería a Luis Isaac Casares Balduque [1921-2017], miliciano republicano e heroe da resistencia francesa.



A familia paterna

Os seus avós Santiago e Rogelia

[Rogelia Quiroga cos seus fillos Arturo e Santiago. 190?]

ARG, Familia Casares Quiroga, C-44903/82]

«De don Santiago Casares Paz, o meu avó, oín dicir a todo o mundo que representaba unha forza da natureza malia a súa estatura mediana, a súa musculatura delicada e delgada [...].

Casou con dona Rogelia. A quen lle fixo nove fillos en nove anos, e cando os ataques de epilepsia comezaron aos poucos a dar conta desta santa, fecunda e malfadada muller, instalouna na pequena casa de Cambre [...]. Logo, ocupábase el, en ausencia da súa muller, de gobernar a casa, de recibir alí os seus concidadáns para responder os cargos que lle incumbían en canto que concelleiro municipal da cidade, e ás consultas que a súa profesión de avogado lle procuraba [...]. Ocupábase tamén de soterrar seus fillos, un a un, e de criar os que sobrevivían, axiña tres, despois dous e, finalmente un».

Seu avó casara en 1873 con Rogelia Quiroga Moredó [1850-1916], natural de Cambre, onde tiña casa e propiedades. Tiveron cinco fillos: Elisa [1875, morreu ao mes de nacer], Arturo [1876-1903], Ceferino [1878-1894], Argimiro [1881-1882] e Santiago [1884-1950], o pai de María. Foi, podémolo dicir así, un home feito así mesmo. María equivocábase, non foi avogado. Comezou como empregado e escribinte para acabar como apoderado e administrador de fincas de particulares e tamén da empresa Seguros Mutuos, oficios que lle permitiron amasar unha pequena fortuna, comprar o terreo e edificar a casa da rúa Panadeiras, vivir dunha forma acomodada e darlles estudos universitarios de Dereito a seus fillos Arturo e Santiago. Politicamente foi militante e dirixente do Partido Republicano Federal na Coruña, participando en 1883 na elaboración dos proxectos de Constitución para o futuro Estado Galaico e de Constitución Democrática Federal Española. Membro destacado do Casino Republicano coruñés sería, desde 1899 ata a súa morte, concelleiro, sendo en 1917 nomeado alcalde da cidade.



A familia paterna

Os seus tíos Ceferino e Arturo

[Arturo, Santiago e Ceferino Casares Quiroga, 189?
ARG, Familia Casares Quiroga, C-44903/26]

De seus tíos, María relátanos a súa trágica historia:

«De Ceferino, oín falar porque era a única persoa desta familia numerosa que soñaba con facer teatro; morreu con dezaseis anos dun ataque cardíaco que o matou na cama mentres durmía». A realidade foi máis trágica, pois morreu de tuberculose, asfixia e parálise bronquial tras fumar un pito cos seus amigos [*La Voz de Galicia*, A Coruña, 4-2-1894].

«De Arturo Casares oín falar moito a un mundo de xente, a meu pai, que estimaba que era o máis brillante de todos eles, e tamén a súa muller, a tía Candidita que meus pais acolleron máis tarde na casa, un ou dous anos antes de que nos fóssemos a instalar a Madrid, e que, cada noite, cando me levaba á cama, me falaba por extenso deste tío lendario que eu perdera. Morrerá con vinte e tres anos, un mes despois do seu casamento.

O día das nupcias, tivo o seu primeiro vómito de sangue; un mes despois a tise levábao a galope, deixando unha moza viúva virxe para sempre e seu nome a unha rúa da Coruña».

De novo o mal fado afectou os Casares. En 1903 morreu, primeiro, en xuño, traxicamente atropelada por un carro, a bisavoa de María, Jacinta Paz, e uns meses máis tarde, en outubro, seu tío Arturo, aos 27 anos, de tuberculose e broncopneumonía, exactamente un mes despois de casarse con Cándida Arizaga Rodríguez [1878-19??]. Arturo, avogado de profesión, foi un elocuente orador e representante do republicanismo de esquerdas na Coruña, sendo moi querido polas sociedades obreiras debido á defensa desinteresada que lles fixo nas causas xudiciais abertas polas protestas de maio de 1901. O seu enterro, no cemiterio civil da Coruña, foi unha gran manifestación de duelo na que participaron a meirande parte dos sectores sociais coruñeses. Sería en xullo de 1931 cando o goberno municipal republicano deu o nome de Arturo Casares a unha rúa na ampliación do ensanche coruñés; no franquismo cambiáronlle o nome polo actual de Cidade de Lugo.

Santiago

30/I/1902



A familia paterna

A caracterización dos Casares Quiroga

[Santiago Casares Quiroga. 30-1-1907.
ARG, Familia Casares Quiroga, C-44903/80]

A enfermidade e a morte, os seus ideais republicanos de esquerda, os desexos sociais reformistas, o gusto pola cultura, o benestar económico e a súa dedicación á política marcaron o carácter e a vida de Arturo e Santiago Casares Quiroga. María fai nas súas memorias unha caracterización xenérica dos Casares, mais en realidade as súas verbas serían máis apropiadas referidas á personalidade e ás actitudes de seu tío e pai:

«Os Casares tiñan raíces de había moito tempo na Coruña e non só se alcanzaba a remontar lonxe na súa xenealoxía, senón tamén que se rubía a vontade, pois eran ricos —os cartos fan coñecer— e, a máis, o seu carácter, a súa brillante personalidade, a súa cultura e finalmente a súa actividade político-revolucionaria fixeran deles os nenos consentidos ou desprezados de Galicia».

E máis adiante engade: «Espaníais, ateos, e, en consecuencia, apaixonados, non crían fondamente en nada que non fose a vida ou a morte, pertencentes á burguesía dunha sociedade aínda estruturada por uns valores vivos, mais que eles comezaban a discutir polo gusto da revolución e a mentalidade de xustiza, puñan toda a súa vitalidade (ibérica e non é a menor) ao servizo dunha idea que, partindo de valores aínda ben arraigados, pretendía se non destruílos, ao menos transformalos. Ricos, liberais, todos republicanos e francófilos adocidos, considerándose cartesianos, progresistas, amantes da ciencia, porén nalgunha parte informados de pai a fillo sobre a imposibilidade de facer do home outra cousa ca home, “representaban” dalgún xeito o papel da súa existencia conforme á escolla que fixeran, que sumían por completo e que defendían a morte; o gran teatro do mundo representábase nesa casa coma un compromiso total e, en tal contexto, o xesto tomaba o valor de signo, símbolo, mito, exorcismo, rito, sacramento; era tamén beleza e alí amábase a beleza».



A familia materna

Os Pérez Corrales

[Celia Pérez Corrales. 19??]

ARG, Familia Casares Quiroga, C-44903/20]

Poucos son os datos que dá María nas súas memorias sobre a familia materna, que cualifica de «pequeno grupo marxinal modesto e restrinxido». Modesto si, pero marxinal non. A súa avoa materna, Pilar Pérez Corrales [1856-1910] foi mestra cigarreira na fábrica de tabacos da Coruña. Formaba parte da aristocracia obreira da cidade, sendo moi apreciada e popular ao igual que as súas irmáns Carmen [1851-1928], Alejandra [1859-1927] e Antonia [1861-1937], tamén mestras cigarreiras. Pilar foi nai solteira de tres fillos: Celia [1884-1952], Ernesto [1886-19??] e Gloria [1893-1946], a nai de María.

Delas comentou: «Galicia é, quizais, o único lugar en España onde unha muller soa e solteira, cigarreira de profesión, dona Pilar Pérez, podía alcanzar a fazaña, a comezos deste século, nunha cidade de provincia española, de traer ao mundo tres nenos dun mesmo

home casado noutra parte, e crialos, conservando o respecto e a estimanza dos seus paisanos. Despois da súa morte, o único rapaz que deixaba extraviouse no camiño perigoso que os bafos do alcohol ofrecían a moitos fillos de Galicia para morrer, vagabundos das “corredoiras” ou das cidades nocturnas, nos transos do *delirium*. A filla maior, Celia Pérez, casara cun médico-farmacéutico e converterase en Pérez de García, nai de catro fillos, case todos mortos de noviños, mais que eu tiveron o tempo e o gozo de coñecer de cativiña. No tocante a miña tía, “acomodada” como se di, ficou porén marxinal, illada do mundo como ela estaba por mor dos ataques destrutivos e terribles da epilepsia».

A súa tía Celia casou co practicante Enrique García Ferreiro [1875-1958] e tiveron como fillos a José Francisco [1908-1978], Celia [1910-1927], Enriqueta [1911-1927], Federico [1915-??] e Emilio García Pérez [1918-2006]. Só as nenas morreron novas, Celia con 16, de peritonites, e Enriqueta con 15, de broncopneumonía, no mesmo ano, en 1927, con apenas catro meses de diferenza. Os demais chegarían a adultos e terían descendencia.



A súa nai

Gloria Pérez Corrales

[Gloria Pérez Corrales. 192?

ARG, Familia Casares Quiroga, C-44903/23]

Gloria naceu na Coruña en 1893. Sobre a súa vida, María dinos que: «repartía o seu tempo de adolescente» entre os coidados á súa irmá Celia e «un traballo de oficiala que encontrara nunha sombreireira con sona, que cubría as cabezas de todas as señoras de alta e clase media da Coruña. Requintada e forte, loura, cos ollos azuis e un rostro cuberto de pencas, Gloria Pérez paseaba unha exquisita distinción, unha presenza de raíña, e o seu sorriso resplandecente, entre o taller de costura e os horrores do gran mal, á espera do home que a arrastraría cara ao seu estraño destino, meu pai. Non tardou en vir. E dalgún xeito viña de lonxe».

Tamén conta que seu pai ía a buscala «a un pequeno obradoiro de costura», e que «moceou» con ela «moito tempo [...], como era o costume da época —durante oito ou nove anos— entre dúas viaxes, dúas estadías

no sanatorio, secretamente cando estaba perseguido, libremente cando saía do cárcere onde pasaba o inverno bastante regularmente». María dramatiza e exaxera. Cando seu pai coñeceu a súa nai xa era concelleiro e non podía ausentarse nin estar no cárcere sen que constase no Concello. Por iso sabemos que estivo dúas veces en Francia para curarse da tuberculose, de novembro de 1912 a febreiro de 1913, e repoñerse dunha sabrada na cabeza, en xullo de 1917; e que só estivo agochado en Madrid, buscado pola xustiza militar, tras a folga xeral revolucionaria de agosto de 1917 ata a súa amnistía en maio de 1918. Así pois, non estivo no cárcere durante o seu noivado. Se son certos os demais datos de María, quizais puideron coñecerse en 1912, cando Gloria tiña 19 anos e Santiago 28.

Ao seu pai gustáballe Gloria; nunha postal, conservada no ARG que podemos datar en 1918, dille: «Salí de Madrid para Barcelona, y confieso que allá, ni aquí, ni por el camino he hallado criatura que pudiera ponerse a V. delante en aquello de la silueta, el gesto, el aire, etc., etc. Una vez más se felicita de tener una amiga tan moniña, su admirador “roncha” Santiago».



O seu pai

Santiago Casares Quiroga

[Santiago Casares Quiroga. 192?

ARG, Familia Casares Quiroga, C-44903/115]

María sente admiración por seu pai. «De todos os sobreviventes dos diferentes partos de dona Rogelia, meu pai era o máis esmirrado, o máis delicado, o menos feito para durar. Aos cinco anos, máis ou menos, fixo da tuberculose unha compañía de por vida, que levou, ao primeiro, amarrada ás pernas, estorbando os seus pasos de meniño durante anos, e da que tivo que desabafar os ósos so pena de morte. Apousentouse entón no seu peito, onde ocupou cada vez máis lugar deica a súa morte [...]. Naceu en 1884, chamábase Santiago Casares Quiroga ou Santiaguito para algúns, ou Casaritos para os galegos, ou Santiaguinho, Santiño e Santi para a súa muller».

«Unha vez rematados seus estudos, instalouse na Coruña, na casa paterna, preto da que abriu o seu despacho de avogado, e onde ficou até 1931. Aíña, unha gran parte do seu tempo consagrouse á actividade

política, en canto que as ambigüidades da súa profesión [...], recusou os “grandes procesos” para non se ocupar máis que das pequenas causas». Sería a partir de 1911, tras estudar Dereito na Universidade Central en Madrid de 1905 a 1910, cando iniciaría a súa profesión de avogado penalista que compatibilizaría, tras presentarse ás eleccións ese mesmo ano, polo partido republicano, co seu cargo de concelleiro coruñés.

Tamén cóntanos as súas *excentricidades*: «Naquela época, polo que me teñen dito, arriscábase facilmente na punta aguda da provocación. Elegante e procurando a extravagancia, acudía, feito un dandi, aos mitins libertarios, ou ben se mesturaba nas manifestacións prohibidas, calzado con botas deseñadas por el e feitas en Madrid, levando unha capa sorprendentemente enorme de pura caxemira encargada “in England” con chapeau a xogo vido directamente “from London”. Canto aos libros, aos múltiples aparellos fotográficos, aos microscopios, éranlle directamente fornecidos por París, Alemaña e Suíza. E as revistas, os xornais, os discos, chegábanlle decote de Francia. E o barco, e o Buick vermello, desembarcaban de non sei onde».

3

Esposa - Femme



Firma del portador—Signature du Titulaire.

Y de su esposa—Et de sa femme.

El Gobernador civil,



1920 outubro

O matrimonio de Santiago e Gloria

[Pasaporte de Santiago Casares Quiroga e Gloria Pérez Corrales para a súa viaxe de casados por Europa. 18-4-1922. Ateneo Republicano de Galicia]

María non conta nada da voda de seus pais. Pero polas crónicas da prensa, sabemos que se celebrou na intimidade no santuario de Pastoriza, no veciño concello de Arteixo: «En la iglesia parroquial del Santuario de Pastoriza contrajeron matrimonio ayer tarde la bella señorita Gloria Pérez Carrera [sic] y el distinguido abogado D. Santiago Casares Quiroga. Bendijo la unión el rector de la expresada parroquia y fueron padrinos doña Josefa Carrera y D. Arturo Senra, habiendo firmado el acta como testigos D. Emilio Pan de Soraluce, D. Julio Wonenburger, D. Eugenio Salgado y D. Enrique García. Ostentaba la representación del juez municipal el secretario del Ayuntamiento D. Joaquín Martín Martínez. Por el reciente luto que guarda el novio [pola morte do seu pai en San Sebastián dun ataque de apoplexía o 23-6-1920], solamente asistieron a la ceremonia los familiares y contadas personas de la intimidad de los contrayentes. Los señores Casares Quiroga, a quienes deseamos eter-

na felicidad, marcharon a Palavea, donde pasarán una temporada». [El Orzán, A Coruña, 28-10-1920]

Dous mundos uníanse, e os dous tiñan un papel relevante na vida política e laboral da Coruña. Por parte do noivo, a nova xeración da burguesía liberal republicana coruñesa; aí están entre padriños e testemuñas, Senra, Wonenburger, Pan de Soraluce, Martín Martínez, concelleiros e industriais con grande influencia e porvir no Concello e na cidade. Por parte da noiva, o universo feminino e obreiro das cigarreiras, a principal masa de traballadoras da cidade, ao que pertencía a súa nai e as súas tías, e aquí representado pola madriña Josefa [Pepita] Carrera Aldao [1848-1924], mestra porteira maior da fábrica de tabacos da Palloza, quen foi a informante de Emilia Pardo Bazán na redacción da súa obra *La Tribuna*, publicada en 1883, e onde recreaba, baixo o nome literario de Marinada, a condición feminina e a vida laboral das cigarreiras coruñesas.

Ano e medio despois o novo matrimonio fixo unha viaxe de casados por Europa. Gloria xa estaba embarazada de María.

Registro Civil de La Coruña.—Distrito de la Audiencia.

EN LA CIUDAD DE LA CORUÑA, provincia de idem,

a las once
del día veintitres de Noviembre de mil nove-
cientos veintitres ante Don Leopoldo Chomies

Núm. 666

Maria
Victoria
Lasores
Pérez

Barotra Juez municipal implante y Don Rafael
Garza Zapata Secretario implante se

procede a inscribir el nacimiento de un hembra ocurrido ^(*)
dieciséis y veintitres de Noviembre del día

veintitres de la actual en la calle
de San Mateo número doce piso principal;

hijo ^(*) legítima de ^(*) Don Santiago casado
Amoraga natural de esta ciudad, de homb

re y nueve años, casado, abogado y en
esposa Doña Gloria Pérez Corrales natural

de esta ciudad de veintinueve años, dedicada
a los labores de su casa

nieto ^(*) por única paterna de Don Santiago
Casares Pérez natural de Santiago y Doña Rogelia

Amoraga Choredo natural de esta ciudad de
veintitres y veintinueve años, abogado

y se le ponen los nombres de ^(*) Maria Victoria

Esta inscripción se practica en ^(*) el local del juzgado

en virtud de ^(*) manifestación que hizo el
padre de la niña mariposa.

y la presencian como testigos Don Guillermo Larri
Macintosa mayor de edad casado empleat domiciliado

en la calle de Payo Gómez número ocho

y Don Leopoldo Rodríguez abogado mayor de edad

viudo empleat domiciliado en la calle de San
la Alvariz número veintinueve y veintitres

Leída esta acta se sella con el de este juzgado y la firman el
Sr. Juez con los testigos y el manifestante de que

certifico

Leopoldo Rodríguez
Abogado
Santiago

Guillermo Larri

Victoria Rodríguez
Natural

Notario Sancti

En la página 295 del tomo 36
del Registro Civil de la Audiencia
de La Coruña la inscripción
del presente acta es el día veintitres
de Noviembre de 1923
a veintitres
Diecinueve
veintitres y veintitres



1922 novembro

María Victoria Casares Pérez, Vitola

[Acta de nacemento de María Casares. 21-11-1922.

Copia da folia do Rexistro Civil da Coruña]

«Chamáronme María Victoria, nome composto que, segundo os cálculos de meu pai, non se prestaría aos diminutivos que tan afeccionada é España e sobre todo Galicia. Non obstante, ao día seguinte do meu bautizo, celebrado ás presas e na máis estrita intimidade dunha capela perdida en pleno campo para non ferir as ideas de papá e compracer a mamá —a quen lle gustaban as festas— ninguén volveu dirixirse a min a non ser coa denominación de Vitoliña, diminutivo alambicado e galego de Victoria. Papá, dividido entre o seu noxo polos xestos amaneirados e... a largura do meu nome, gardábo para as grandes ocasións e o resto do tempo optou por Vitola, moi contento de ter evitado o acostumado “Viki”. Fun, pois, inscrita no rexistro co nome de María Victoria Casares Pérez».

Naceu, segundo o Rexistro Civil, onde está inscrita co número 666 —o número do díaño no imaxinario cristiá— ás 16 e 35 minutos do 21 de novembro de 1922 na súa casa da rúa Panadeiras. Seu pai tiña 39 anos e súa nai 29. Debido á relevancia dos seus proxenitores, seu nacemento quedou anunciado nas notas de sociedade da prensa: «Con toda felicidad dio ayer a luz una hermosa niña la bella señora de Casares Quiroga (D. Santiago). Así la madre como la recién nacida se hallan en perfecto estado y los Sres. de Casares Quiroga reciben muchos parabienes por el grato suceso familiar». [El Orzán, A Coruña, 22-11-1922]



1922 novembro

María Victoria Casares Pérez, Vitola

[María Casares no seu carriño de bebe. 1923]

ARG, Familia Casares Quiroga, C-44903/95]

Por que lle puxeron de nome Victoria? Ningunha muller da súa familia chamábase así. Polas palabras de María, quizais fixérono porque foi/sería unha vitoria fronte á morte que perseguía os Casares: «Cando meus pais me tiveron, foi por descoido ou torpeza. Non me querían. A tise e a epilepsia eran para eles bestas negras e ameazadoras [...]; e pese a robustez de miña nai e á familiaridade case amigable coa que meu pai trataba a súa tuberculose, temían o peor para unha eventual descendencia. Mais eu estaba alí e non era un gato para guindar ao mar. Por iso as forzas xenerosas e sans de miña nai e todos os coñecementos de papá foron postos ao meu dispor para manter afastado o tan temido perigo».

E Vitoliña? María di que é un diminutivo galego de Victoria. Pero isto non parece moi plausible e deberíanse explorar outras hipóteses. En castelán, *vitola*, e en

galego, *bitola*, entre outros, ten o significado figurado de traza, facha, aparencia e o de fama ou característica que define a unha persoa. Tamén pode significar medida que serve como padrón ou modelo. Estarían estas ideas na mente do seu pai cando lle puxo ese alcume á «túzara» orgullosa da súa filla? Sería porque tamén era o orgullo e a medida do seu pai? «“Vitola ven aquí”. E corrín cara a el para agachar a cara nas súas pernas. Parece ser que por unha vez estivo tentado de me dar unha boa chaparreta; pero mentres o dubidaba, eu deposei un bico furtivo na súa man e corrín outra vez onda Susita a quen agarrei pola cintura e supliquei perdón. Como na miña curta vida nunca se me vira ningunha actitude de humildade, meu pai xulgou —penso— que a miña autopenición abundaba e, en todo caso, desbotou a idea de me civilizar. Foi deste xeito, que se mantivo a miña insociabilidade [...]. Canto ao meu orgullo [...]. Meu pai sabía —e con razón!— que se o orgullo é un terrible pecado, é tamén unha columna que, despois, podería termar de min [...]. E para criarme e aprenderme a humildade estaba tamén o sempiterno gruñido do Océano».



[María no colo da súa nai Gloria. 1923]

ARG, Familia Casares Quiroga, C-44903/90]

«Aínda non nacera e a mamá preparábase en corpo e alma para me construír unha saúde. Decidira darme o peito ela mesma e con este propósito alimentábase cun rigor que non lle era habitual, non só renunciando ao que prefería, máis tamén engulindo en gran cantidade os alimentos escolleitos por Barbeito, o médico da familia, lévados difíciles de tragar e, presíntoo, diferentes ingredientes e “herbas” que a tradición popular aconsellaba durante a preñez.

O resultado foi prodixioso. A lactante pesaba cinco quilos, encontrábase de marabilla, pero padecía... enormes flatulencias; durante o sono, os rúidos que me escapaban eran tan violentos que me espertaban aterrorizada e o seu balbordo, engadíndose á estridencia dos meus choros, impedía, ao mesmo tempo, a meus pais durmir. Perplexo, meu pai, que coidaba isto anormal e por riba difícil de aturar, ao se encontrar un día ao

médico na rúa, comunicoulle a súa inqueda, ao que Barbeito respondeu sen a menor vacilación: “Xa sei! O leite das nosas vacas é demasiado forte para os bebés, hai que lle mesturar sempre un pouco de auga mineral”. Meu pai lembroulle simplemente que era mamá a que me aleitaba e esta historia foi a diversión de moita xente varios anos. Era aínda o tempo da inocencia».

Os Barbeito foron unha saga de médicos, republicanos, moi populares na Coruña. Probablemente María refírese a Manuel Barbeito Segovia (1858-1929), médico municipal e tocólogo de sona que dirixiu o Hospital de Caridade. O seu fillo José Barbeito Rouco (1884-1946) tamén foi médico, cirurxián e amigo de Santiago Casares Quiroga. A anécdota contada por María amosa un trazo da personalidade de seu pai: a retranscrición e ironía das súas frases que serían en moitas ocasións mal interpretadas, sobre todo e posteriormente en Madrid.



A súa irmá

Esther Casares Quiroga

[María nos brazos da súa irmá Esther diante da porta do Atlantic Hotel. 1924? ARG, Familia Casares Quiroga, C-44903/46]

«O caso é que, ben antes de nacer, ben antes de que miña nai existise para meu pai, eu tiña xa unha irmá que se chamaba Esther Casares». María dános algúns detalles do sucedido: «Meu avó enviouno axiña [a seu pai] a Madrid para rematar os seus estudos de Dereito, de onde volveu tamén axiña, cun bebé no colo envurullado nun cobertor, que lle presentou coma a súa filla Esther. Os que coñeceron a Casares Paz aínda se preguntan como Casares Quiroga se atreveu a dar semellante paso e como deu cabo das recriminacións e da resistencia do meu avó. Todo o mundo esquece que, da súa numerosa descendencia, o avó non contaba máis que con Santiaguito para perpetuar o apelido; e ninguén parece sospeitar o que eu creo adiviñar desta familia de homes, e que coído que non explica mal de todo algúns puntos a primeira vista escuros ou insólitos. E que, pese a que só un deles soñara co teatro, penso que

todos eran realmente o teatro [...]. E o xesto de meu pai apañando no seu envoltorio este pequeno froito colleito nas secretas intimidades dunha pensión madrileña para estudantes, non era para ofender, penso eu, o sentido da honra, das responsabilidades e da estética do meu avó».

Segundo consta na súa ficha de inscrición no xulgado municipal de Madrid, Esther Casares Quiroga, naceu o 10 de xullo de 1909, a 1 da madrugada, na casa do garda da antiga Pradera del Corregidor, na marxe esquerda do río Manzanares, hoxe San Antonio de la Florida. Foi rexistrada polo seu pai e o nome da nai figura como descoñecida. Caso estraño e de admirar nunha época na que, no caso dos fillos naturais, soía figurar como descoñecido o pai. Durante a súa estancia en Madrid Santiago Casares Quiroga viviu co catedrático de química José Rodríguez Mourelo, a súa muller Fanny Garrido e a súa fillastra a pintora María del Adalid. Eran vellos coñecidos da familia Casares. É lóxico pois que seu amorío clandestino se consumase nunha pensión de estudantes, pero, con quen? Non o sabemos, e os Casares nunca o aclararon.



1926 novembro

Aos catro anos, con mameluco e unha boneca


[María Casares. 1926.

ARG, Familia Casares Quiroga, C-44903/77. Foto coloreada]

«De que me puiden camiñar eu soa, decidiuse para me endurecer —esta vez a idea viña da póla paterna— vestirme, for inverno ou verán, cun simple “mameluco”, isto é, unha sorte de “pixama dunha peza” a rentes do pescozo, que deixaba brazos e pernas nus. Nos pés, verán coma inverno, sandalias; e para me amparar dos rigores do inverno húmido, pero endexamaís demasiado frío, un abrigoño curto de pel. Así equipada, cos meus cabelos mestos cortados “a la taza”, eu estaba, en principio, armada contra o horrible microbio, e o feito é que estas armas aínda non deixaron de dar resultado. Decidiuse tamén que pasaría seis meses do ano na rúa Panadeiras, a poder ser da mañá á noite no xardín, e seis meses no campo, en Montrove, nun *pazo* soberbio que meus pais alugaban había anos. Aquí ou acolá, o océano bordeaba a paisaxe case por todos lados».

A foto posiblemente foi tomada con motivo do seu cuarto aniversario e seguramente a boneca fose un dos regalos que recibiu. Podemos deducir estes datos porque unha foto semellante, con lixeiras variacións na posición do rostro e da boneca, tomada por Portela, foi publicada, recortada, na revista ilustrada coruñesa *Kantón*, o 22 de novembro de 1926, xusto na data do seu aniversario, con estas letras: «La preciosa niña María Victoria Casares Pérez abre hoy nuestra sección de lindos retoños, nueva generación coruñesa de verdaderas cucadas. Flores que comienzan la vida, ángeles que con sus risas de oro son el encanto de nuestros jardines y parques durante las horas del sol».

PROYECTO DE REFORMA
DE LA CASA N.º 12. DE LA
CALLE DE PANADERA.º
ESCALA: 1/100.



~ FRENTE ~

LA CORUÑA, 20 DE AGOSTO DE 1925.

EL ARQUITECTO:

Pedro Blain

1886 - 1925 - 1929

A casa familiar na rúa Panadeiras

[Alzado da fachada da casa da rúa Panadeiras. 1925.
Arquivo Municipal da Coruña, C 471-7]

Para María foi o «crisol máxico» onde se forxou unha parte de si mesma. Non coñece a súa historia, nin os cambios que tivo. Na súa memoria, sempre foi como a casa da súa infancia, por iso confunde datos.

Os terreos e unha casa modesta que había neles foron comprados polo seu avó Santiago Casares Paz. En 1886 reedificou a vivenda, segundo un proxecto do arquitecto Faustino Domínguez, dotándoa de planta baixa, primeiro andar e bufarda. Así se mantivo ata 1925. Foi entón cando seu pai reformouna e ampliouna, levantando un segundo andar, proxecto do arquitecto Pedro Mariño. Nesta nova planta, moito máis elegante, instalou o dormitorio conxugal e, dando á rúa, o gran salón biblioteca coa súa magnífica colección de libros. Catro anos máis tarde, en 1929, reformou a cuberta, construindo unha bufarda con ventás cara ao xardín posterior da casa, proxecto de Eduardo Rodríguez-Losada; nesa bufarda viviría, desde entón, María.

Así a recorda: «Era unha gran casa con dous vastos andares e un baixo alugado, ao menos desde o meu nacemento, a un farmacéutico que instalara alí o seu comercio [Droguería Coruñesa]. A casa daba dun lado para a rúa e doutro para un xardín bastante grande, pechado por muros que estaban cheos de hedra e de madreselva [...], e que confinaba [...] cos barrios onde se xuntaban todos os bordeis da cidade».

«Da bonita e gran biblioteca encargábase [seu pai] cun verdadeiro amor, a soñar, antes de pedilos, cos libros, as madeiras, as teas ou papeis, as marquerías do chan, as luces, as longas mesas baixas de arquitecto, os diváns e até as fallebas que lle forxaban especialmente segundo os seus propios debuxos, non obstante estar toda a casa amoblada en estilo moderno. Nun ángulo arraxara un pequeno laboratorio no que pasaba horas a buscar non sei o que; e os bocais, as botellas, os tubos, as probetas, os microscopios, as lentes amoreadas, daban a aquel recanto iluminado no cabo desta gran peza escura tapizada de libros, un pequeno carácter faustiano que chamaba ao seu mefistófeles».

EL COLEGIO FRANCÉS

(Avenida de la Habana - Ciudad Jardín)

Entre los establecimientos de enseñanza que en La Coruña existen, goza de singular prestigio por los excelentes resultados que ha podido hacer notorios entre sus alumnos, el «Collège Français», que bajo expertísima dirección y orientado en las normas pedagógicas más modernas, funciona en un vasto e higiénico edificio de la Avenida de la Habana, en la Ciudad Jardín.

Fué fundado el «Collège Français» en enero del año 1925, persiguiéndose con su instalación la finalidad primordial de corregir las deficiencias que se advertían por entonces en la enseñanza del idioma francés en esta región y de poder proporcionar a los padres deseosos de que sus hijos hablen y escriban francés como los niños franceses de su edad, la posibilidad de alcanzar tal ventaja sin copiosos dispendios ni grandes molestias.

Este objetivo del Colegio se vió alcanzado desde los primeros meses de su funcionamiento, así es que bien pronto hubo de pensarse en ampliar el radio de acción de un Centro que con tan excelentes auspicios iniciaba su vida.

Completóse, pues, el cuadro de profesores con varios españoles capacitados para facilitar con sus explicaciones el ingreso de los niños en el Instituto o en la Escuela de Comercio, adaptando siempre su enseñanza a los métodos franceses y disponiendo de un material inmejorable para el buen desarrollo de su labor.

Estos esfuerzos de los fundadores del Colegio no tardaron en verse recompensados, tanto por la

cantidad cuanto por la calidad de los alumnos que comenzaron a afluir en progresión creciente a sus aulas, ya reputadísimas, a tal punto que hubo necesidad de proceder apremiamente a la construcción de nuevos pabellones.

Esto permitió anexar al establecimiento una nueva sección preparatoria para los estudios del Bachillerato, de la que se

hallan encargados prestigiosos profesores, licenciados en las Facultades de nuestras Universidades.

Actualmente el «Collège Français» goza en La Coruña de un alto predicado de seriedad y de positivos resultados, pues en las diversas fiestas que en ocasiones distintas celebró, el público ha podido darse cuenta de la sólida labor educativa e instructiva que realiza aquel inteligente profesorado.

Desde principios de este año cuenta, además, el Colegio con una selecta y bien surtida «Bibliothèque Publique Française» que funciona bajo los auspicios del Consulado de Francia y en cuyas listas de abonados figuran destacadas

personalidades coruñesas. Es la «Bibliothèque» un excelente medio de difusión de la cultura francesa y al propio tiempo una simpática manera de relacionar con el Colegio a las familias coruñesas y hacer que se interesen por su obra.

No cabe, en realidad, una labor más fecunda en menos tiempo. Así nos complacemos en reconocerlo al tener el gusto de hacer figurar al «Collège Français» en estas páginas, desde las que enviamos a sus organizadores, directores y profesorado nuestra calurosa felicitación.



1927 outubro - 1931 maio

Alumna do Collège Français de La Corogne

[Anuncio-reportaxe do Collège Français. Revista coruñesa *Domecq en Galicia*, nº 2, agosto de 1927]

«Na Coruña, logo dos balbucidos dos primeiros estudos dirixidos por meu pai coa axuda dun mestre que viña a casa, entrei aos cinco ou seis anos no “Collège Français”, situado nun alto, fronte á praia do Orzán e arrodeado de xardíns. Alí, acabei de aprender a ler e a escribir, adquirín coñecementos de “urbanidade” —que non era a mesma ca de meu pai—, de cinema —pasábanos curtametraxes de Betty Boop ou de Mathurin Popeye— e aprendín a dicir “oui”, “non” e “merci” en francés para xustificar o nome do establecemento rexentado por un matrimonio de pura orixe gala coma indicaba seu nome: monsieur e madame Pérez».

Polo que di ironicamente nas súas memorias, María non se decata da singularidade do Collège Français da Coruña. Foi fundado en 1925 por iniciativa do cónsul francés na Coruña, Roux de Villeingly, contando co

apoio de seu pai, Santiago Casares Quiroga, que sería o xerente do centro. A súa finalidade era dar, a nenos e nenas, unha educación, seguindo os métodos docentes franceses, que lles permitise aprender o idioma e ingresar no Instituto e na Escola de Comercio. Estivo dirixido por monsieur André Perés, contando con profesorado español e francés, sendo inspeccionado polas autoridades académicas francesas. Instalado nunha casa-chalé da Cidade Xardín, na avenida da Habana nº 4, foi a única escola privada laica da cidade, gozando de gran prestixio entre a burguesía liberal republicana. Sería pechado na guerra civil española.

Polas noticias de prensa, podemos deducir que foi en outubro de 1927, aos cinco anos, cando iniciou seus estudos no colexio, xa que sabemos que a súa nai e irmán participan, por primeira vez, na festa da onomástica do director do Collège Français a finais de novembro dese ano [*El Ideal Gallego*, A Coruña, 1-12-1927].

Lección de Cosas

El cáliz es la cubierta floral más externa, es también la que mayores analogías ofrece con las hojas, tanto en el color verde, que generalmente presenta, como en su estructura y consistencia de ordinario foliáceas. Está compuesto por varias hojuelas o piezas, a las que se denomina sépalos; los sépalos unas veces están separados y distintos, dando al cáliz el nombre polisépalo, como es el de los Braniúnculos, y otros confundidos y más o menos soldados por sus márgenes, comunicándole el de monosépalo o gamosépalo, como es el de la Primavera. Según sea más o menos completa la soldadura de los sépalos, así se dice que el cáliz monosépalo es entero, dentado, hendido o partido y en casi todos los de esta clase, y en muchos polisépalos, puede decirse que se presenta bajo la forma general de un tubo, en el cual se distingue con frecuencia una estrechez media o garganta, y un ensanchamiento terminal o limbo.


1927 outubro - 1931 maio

Alumna do Collège Français de La Corogne

[Folla do caderno escolar de María Casares. 31-4-1931.
Ateneo Republicano de Galicia]

Pouco lembra María dos seus estudos iniciais, destacando xa o seu gusto polos romances e as recitacións: «Debín facer tamén un pouco de cálculo, aínda que non me recordo de nada, e, talvez, pero non podo en caso ningún aseguralo, un pouquiño de catecismo. Pola contra, lembro aínda os poemas ou *romances* que tiñamos que declamar de memoria na clase de recitación. Ben é certo —seméllame dende sempre— que meu pai me iniciara á poesía lendo en voz alta ou dicindo para min, en castelán ou galego, fragmentos da súa escolma persoal; e Rosalía de Castro, Rubén Darío, Valle-Inclán, Curros Enríquez, Teresa de Ávila, san Juan de la Cruz, Calderón, Bécquer, Juan Ramón Jiménez, transformáronse en familiares. Eu mesmo declamaba a berros pasaxes enteiros, empoleirada nunha árbore do xardín, en voz baixa e a tremer cunha estraña emoción na escola ou diante de meu pai na súa gran biblioteca».

Polos exercicios e notas do seu caderno escolar de 1931, con oito anos, vemos que foi unha alumna aplicada, ten boas puntuacións, pero tamén algunhas dificultades en cálculo. Así mesmo, pola prensa, coñecemos que participou, en 1929 e 1930, na tradicional festa que se facía o 30 de novembro no Collège Français con motivo da onomástica do seu director. Presididas polo cónsul de Francia, acudían autoridades, profesorado e familias, e nelas diversos algúns alumnos e alumnas, entre elas María, exhibían ás súas habilidades con poesías, cancións, coros e sainetes, recibindo felicitacións e parabéns. En xullo de 1931, María tamén recibiría, como alumna distinguida, o premio «Educación cívica, placa conmemorativa de la República española, ofrecida por los profesores del Colegio». [*El Ideal Gallego*, A Coruña, 4-7-1931]



1926? - 1935


Os veraneos en Montrove

[Oleiros. Foto aérea. Voo americano 1956-57. Centro Cartográfico y Fotográfico del Ejército del Aire, Ministerio de Defensa. Instituto de Estudos do Territorio da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestrutura da Xunta de Galicia]

Desde pequena, María pasou os veráns en Montrove, Oleiros, en dúas casas distintas alugadas por seu pai á familia Marchesi. A primeira foi o Pazo do Río. Non sabemos cando iniciaron a súa estadía nel, pero posiblemente fose en 1926, xa que nese ano atopamos o primeiro testemuño na prensa de que pasaron a súa tempada estival en Montrove [*El Noroeste*, A Coruña, 5-12-1926]. Vitola ten catro anos e podería gozar do campo. «“O Pazo”, esa morada toda longa, dun só andar recuberto cun inmenso faio pechado para impedir que as ratas, enormes, descendesen a través da casa até ás cociñas, ao piso baixo. Os aparecidos, as fadas, as bruxas, o “Macho Cabrún”, os contos de Poe que me lía con pracer meu pai, todo era posible naquela vella casa chea de recantos e de amplas salas unidas a través da ponte suspendida coas dependencias e coa

longa escaleira de pedra tallada que descendía cara aos xardíns. Tiven dor de corazón ao saber [...] que un avión acababa de esnafrarse contra este soberbio edificio [en 1973]».

Máis tarde, tampouco sabemos desde cando, pero tivo que ser a partir de 1928, pois desde se ano deixa de saír o anuncio do seu aluguer en *La Voz de Galicia*, pasaron os veraneos en Villa Galicia: «Era un deses chalés á francesa tipo 1920, de tres andares, coroado por un tellado de lousas con dúas torres aguzadas». Nas súas habitacións, escaleiras e xardíns, pasou ratos inesquecibles coas súas amigas e amigos, a súa familia e os que servían na casa e a natureza que a rodeaba. Nas súas memorias recolle moitos deles. Tamén lembra as noites do conto popular de terror infantil: «MARÍAAA... DAME LA PATA QUE ES MÍA / —Ay mamaíta mía quién será? / —Déjalo hijita mía, ya se irá / NO ME VOY NOOO... QUE LLEGANDO A TU PISO ESTOY». Repetido sen interrupción ata que «unha man lixeira que eu non esperaba, agarraba unha das miñas pernas, facéndome dar un brinco dun metro por riba da miña cama. Entón tía Candidita, coa súa voz máis doce, cun suspiro, dicíame: “E agora a mimir” e apagaba a luz».



1930?

O gran cadro da súa nai


[Gloria Pérez Corrales. Óleo de Luis Mosquera. 1930?
Concello da Coruña. Doazón de José Antonio Buces
e Paloma Renard. Foto Andy Pérez]

Para María, a súa nai «era o aire, a luz, o soño, a festa, a defensa, o refuxio, a vida de cada día». E desta época lembra: «A súa silueta dourada, delgada e rexa contra fiestra da biblioteca de meu pai, ausente, os brazos cruzados no peito, a fronte pousada no vidro e a súa ollada azul líquida perdida no horizonte que os edificios de diante da rúa Panadeiras limitaban».

Esa mirada, elegancia e porte podémolas apreciar no cadro que lle fixo o pintor coruñés Luis Mosquera [1899-1987]. María di que estaba a rematarse pouco antes de cumprir os oito anos e que o pintor tivo unha aventura coa súa nai. Fabulación ou realidade? En 1930 Mosquera empezaba a destacar como retratista, xunto co debuxante Cebreiro e o escultor Compostela que farán, respectivamente, debuxos e o busto de Santiago Casares Quiroga exposto na súa casa museo. E nese ano, pola

súa actividade política contra a ditadura e o réxime de Afonso XIII –Pacto de Lestrove [16-3-1930], conferencias, mitins, Pacto de San Sebastián [17-8-1930], reunións en Madrid do Comité revolucionario [outubro-novembro] preparando o levantamento republicano—, o seu pai pasou moitos días ausente da casa. Pero María pode que mal interprete a súa nai e as súas «feminidades dos anos vinte, con todo o que isto supón de doces enganos, de fragilidades, de misterios cheos de promesas, de distracción finxida ou certa nos movementos da vida cotiá; ela non sabía atravesar unha rúa sen provocar no seu acompañante un xesto protector».

A historia posterior do cadro é curiosa. Quedou abandonado nos sotos da casa na que viviu a familia Casares, na rúa Alfonso XII, nº 50, de Madrid. Tras ser descuberto, foi rescatado e conservado por José Antonio Buces e a súa muller Paloma Renar, que se decataron do seu valor e beleza. Despois de anos e varias casualidades entre seus amigos, Isabelo Herreros, o Ateneo Republicano de Galicia e Xosé Alfeirán, o 22 de xullo de 2008 entregaron o cadro ao Concello da Coruña, asistindo ao acto Esther Varela Casares.



1931 xaneiro - febreiro

Visitando a seu pai no Cárcere Modelo de Madrid

[Os presos políticos no patio do cárcere Modelo. Foto Alfonso. 8?-2-1931. Archivo General de la Administración, Estudio fotográfico Alfonso, 0340801. No extremo dereito está Santiago Casares Quiroga]

A comezos de 1931, María viaxou por primeira vez a Madrid. Da súa estancia lembra «o Cárcere Modelo, prisión a onde ía visitar cada mañá a meu pai, cuxa condena a morte en Jaca fora conmutada pola cadea política, xunto cos seus compañeiros en Madrid [...]». Ás veces seguía a miña nai no seu percorrido polos locutorios, para saudar os compañeiros de meu pai, con moitos dos que formaría axiña o goberno da Segunda República Española [...]. Cando o volví a ver por primeira vez, o día no que foi trasladado de Jaca a Madrid, tiven que reunir todas as forzas de carácter e de corazón que el me aprendera para conter o meu arrepío. As mans a tremer, a pel sobre os ósos, a voz rouca e tomada, unha barba enguedellada que se tornara subitamente gris, e, ante todo, a ollada, unha ollada

vehemente, pedichona, famenta, que me fitou cunha interrogación muda, e que me deixou no sitio, xeadá, paralizada por unha pavorosa timidez. Era a pantasma de meu pai. [...] Máis tarde, moito máis tarde, souben que en Jaca non había prisión modelo; souben que, durante tres semanas, axexaba cada día ao amencer a man que abría o seu calabozo para conducilo diante do paredón de fusilamento».

Seu pai foi detido en Jaca o 13 de decembro de 1930, acusado de participar na rebelión republicana do capitán Galán contra a monarquía de Afonso XIII. Encarcerado nun angosto, frío e húmido calabozo, estivo 18 días incomunicado, soportando o cativerio en estado febril con grave perigo para a súa saúde por ser tuberculoso [*Diario de la Marina*, La Habana, 7-2-1931]. Non foi condenado a morte, pero si sufriu o temor de ser fusilado nun xuízo sumarísimo militar. Por ser membro do Comité revolucionario foi trasladado a Madrid, ingresando no Cárcere Modelo o 10 de xaneiro de 1931. A súa familia visitouno ata o 24 de febreiro.



1931 marzo

Na apoteose do seu pai Santiago Casares Quiroga


[A familia Casares Quiroga rodeada de amigos no salón biblioteca da casa da rúa Panadeiras. Foto Cancelo. 28-3-1931. Biblioteca Municipal de Estudios Locais. PM-FGC/58]

O 25 de marzo de 1931 os membros do Comité revolucionario republicano-socialista, tras ser xulgados, saíron libres do Cárcere Modelo. Santiago Casares Quiroga retornou á Coruña onde foi recibido o 28 por unha enorme multitude que o acompañou desde a estación do tren da Gaitreira ata a súa casa.

«E de socato, unha tarde, A Coruña verteu sobre nós a súa poboación enteira [...]. A multitude invadía os andares, atascaba a escaleira e cando a miña nai, radiante de dignidade, de alegría e de medo me aconchegou contra ela xunto á ventá para me protexer, vin a través do vidro a rúa e unha masa compacta que a enchía toda, que se perdía de vista até a estación, demasiado afastada e invisíbel. Axiña, no medio dos gritos que se achegaban puiden percibir unha delgada silueta que uns homes levaban en triunfo, nos seus ombros, a emerxer dunha marea humana que se cinxía

arredor dela aos gritos de “Viva Casaritos”; e por fin, recoñecín a meu pai, arrandeando de ombro en ombro, obrigado a avanzar por riba da multitude, a pasar dun a outro cando os que o portaban non encontraban máis camiño libre para marchar. Foi así que chegou á casa, foi así que o subiron pola escaleira arriba até o primeiro andar. Na rúa chamábano, reclamábano [...]. De repente os berros cesaron, houbo un profundo silencio e millares de panos brancos erguéronse para saudar a meu pai. Eu permanecía entre el e miña nai que choraba con dozura [...]. Enriba da miña cabeza, no silencio arrolado polos choros caladiños de mamá, escoitei a voz un pouco cansa, serena e limpa de meu pai. “Míraos, Gloria. Doulles dous anos para me lanzar laranxas». Seguro que nese momento, rodeado de xente, non dixo iso, pero por unha carta escrita a súa irmá Esther en marzo de 1931 sabemos que advertiu á súa familia dos altibaixos dos entusiasmos populares, e de que aos vivas! lle sucederían os morras!

- 1 Santiago Casares Quiroga
- 2 Gloria Pérez Corrales
- 3 Esther Casares Quiroga
- 4 María Casares Pérez
- 5 Susita, Generosa López Rodríguez, coidadora de María Casares



1931 maio - setembro

Filla de ministro da II República e traslado a Madrid

[Primeiro consello de ministro da II República. Foto Alfonso. Archivo General de la Administración, Estudio fotográfico Alfonso, 012274. Casares Quiroga segundo pola dereita]

O 14 de abril de 1931 proclamouse a II República en España. Desde o primeiro momento, Santiago Casares Quiroga exerceu funcións ministeriais, primeiro de Mariña, co goberno de Alcalá Zamora, ata outubro de 1931, e despois de Gobernación, con Azaña, ata setembro de 1933. As súas novas responsabilidades fixeron que a familia se trasladase a Madrid.

A súa marcha da Coruña-Galicia a Castela-Madrid foi vivido por María como «a esgazadura dunha separación»: «Canto tempo correu entre aquela memorable xornada [a apoteose do seu pai] e a nosa instalación en Madrid? Non sei. Podería informarme, preguntar, calcular, mais non coido que o número de días, de semanas, de meses, sexa aquí da menor importancia. Sei que a partir daquel momento, A Coruña, Montrove, a rúa Panadeiras, o océano, o sol, a chuva e máis eu non eramos xa os mesmos [...]». A infancia,

a primeira, a verdadeira, a que é sempre nacemento e pródiga en privilexios e en prohibicións que nos acompañan durante toda unha vida, remataba. Deixábaa nas terras húmidas, verdes e sombrizas, agridoces de Galicia».

María céntrase nos seus sentimentos, sen darlle importancia ás datas. Pero pola prensa sabemos que foi un proceso de idas e voltas: parte da Coruña o 4 de maio coa súa irmá Esther; volve uns días a finais de xuño cos seus pais para a botadura do cruceiro «Canarias» en Ferrol, do que foi madriña súa nai; regresará de novo en agosto de vacacións e retornará o 7 de setembro a Madrid en automóbil para iniciar a súa nova vida madrileña e escolar.

«Cando cheguei con nove anos a Madrid nada me preparaba para iso [...]. O tempo e o espazo non se parecían en nada ao que, até alí, coñecera [...]. Aquí, ausentes as mareas, o ceo inmutable [...], só me quedaba para me orientarme os empedrados». Foi tamén aí cando «por primeira vez, tomei conciencia de que tiña que “representar” a alguén ou algo, a meu pai, a filla dun home da República, unha certa España. Transformárame, provisoriamente, en personaxe pública».



1931 xullo

A voda da súa irmá Esther en Madrid

[Voda de Esther Casares Quiroga. 3-7-1931. Archivo Histórico Nacional. De esquerda a dereita. Gloria Pérez, Esther Casares, Enrique Varela e o seu irmán Manuel]

Nos primeiros meses en Madrid, a vida familiar viuse alterada pola petición da man, en maio, e a posterior voda da súa irmá Esther o 3 de xullo de 1931. Sobre ela cóntannos María que non foi ben vista inicialmente por seu pai: «A segunda desavinxa que levantou outra vez o muro de silencio entre pai e filla durou máis de dous anos, e Esther, daquela, compartía só raramente as nosas comidas; estaba apaixonada por Enrique Varela, un militar de carreira, mozo, membro dunha familia absolutamente reaccionaria, e co que casou ademais en Madrid sen a presenza nin o consentimento paternos e que, anos despois —ao revelárense as súas ideas persoais máis ca liberais— chegou a ser un dos colaboradores máis íntimos e máis fieis de meu pai».

En canto á cerimonia di que: «Despois do noivado oficial, publicáronse as monicións; e axiña, mamá e máis eu, acompañámola á igrexa. Asistimos, logo, ás súas nupcias diante de Deus, sentadas nos bancos opostos a aqueles nos que se encontraba a familia do seu home, cuxas miradas fuxían da nosa discreta presenza e onde a ausencia de papá supuña un suspiro de alivio. A guerra civil xa apuntaba».

Seu cuñado, Enrique Varela de Castro [1898-1976] pertencía a unha familia conservadora de militares coruñeses. Fillo do xeneral de brigada de cabalería Jesús Varela y Varela [18??-1940], fixo, como seus dous irmáns Jesús [189?-1969] e Manuel [189?-1975], carreira no exército. Era capitán de cabalería e observador aéreo cando casou e xa debía neses momentos apoiar os ideais republicanos, pois, catro meses despois da súa voda, por disposición oficial, sería destinado, en novembro de 1931, a formar parte do escuadrón de Escolta do presidente da II República. Foi leal a ela ata o remate da Guerra Civil; en cambio seus irmás combateron no bando contrario, alcanzando altos graos no exército franquista. O matrimonio tivo unha filla, nada en Madrid o 1 de abril de 1932, Esther Varela Casares.





1931 abril - 1933 setembro

Formando parte da cúspide social e política de España

[Banquete oficial na embaixada de Portugal ao presidente da II República española e a súa muller. 15-2-1932. Foto Alfonso. Archivo General de la Administración. Sentado no centro Alcalá Zamora, á súa dereita a súa muller Purificación Castillo, o nuncio apostólico Tedeschini e Lerroux; á súa esquerda, dous sitios máis alá, Gloria Pérez Corrales (2). Atrás de pé, están Julián Besteiro, a súa muller Purificación Castillo, Casares Quiroga (1), e máis alá Azaña e a súa muller Dolores Rivas Cherif]

A actividade e os cargos políticos de seu pai fixeron que a familia Casares ocupase un lugar relevante na España da II República. Súa nai, como consorte dun ministro, viuse envolta nunha intensa vida social: «Mamá pasaba o tempo a se espir para volverse vestir para o “xantar”, “salón de té”, “cea de gala”, “recepción oficial”, apresada, esgotada, anoxada; ou ben moi excitada, cuberta de manchas vermellas que o enervamento puña no seo colo e na súa cara, xustiño no momento en que tiña que marchar a unha embaixada con escote e que, ao se engadir ao seus nervios alporizados un humor que facía adoececer, acababan por convertela, toda enteira en remolacha».

Gloria, filla dunha cigarreira, moveuse con desenvoltura grazas ás súas habilidades naturais: «Empurrada ao corazón mesmo desta sociedade feroz e con frecuencia tan frívola que é a xungla política [...] tivo que aprender a loita cotiá, coas súas trampas, a mala fe anónima, os berros agresivos, os ataques, as mentiras, os malentendidos, as calumnias [...]. E empregando o seu feitizo de *meiga*, agochada tras do seu sorriso resplandecente, entraba, saía, vestíase, preparábase, endurecíase, recibía, representaba; mais ás veces, no interior do coche que nos levaba polas estradas do Pardo, na compañía íntima dunha amiga querida –Lolita Azaña, Adela Menéndez–, por fin relaxada, eu vía o seu fermoso rostro, iluminado por unha gravidade nova, ensombrecerse por unha ira brutal namentres contaba como, nunha embaixada, se procurara unha vez máis humillar á muller de Largo Caballero, albanel de oficio, militante responsable socialista, e agora ministro».

A mesma Vitola foi recibida en audiencia por Alcalá Zamora, presidente da República o 29 de decembro de 1932 [*La Libertad*, Madrid, 30-12-1932].



1931 outubro - 1936 xuño


Alumna galega no Instituto Escuela

[Sección preparatoria do Instituto Escuela de Madrid.
Foto publicada na revista AC. *Documentos de actividad contemporánea*. 1933. Biblioteca Nacional de España]

En Madrid, María ingresou no Instituto Escuela: «Ocupaba [...] dous grandes edificios afastados o un do outro: o primeiro situado no Hipódromo, onde os nenos seguían os cursos preparatorios; e o segundo na costa de Atocha, consagrado ao ensino secundario. Non sufríamos ningún exame [...]. Baseábanse para pasar dun curso ao seguinte no traballo e nos resultados do ano transcorrido, e cando se remataba o sexto e derradeiro ano do bacharelato, conseguíase automaticamente o título. Unha gran parte de horario estaba consagrado aos deportes, aos xogos, ás excursións, ás experiencias prácticas, aos traballos manuais, visitas de monumentos, museos, fábricas [...]. Iniciábannos na música, na danza, no teatro, e cada mañá [...] xuntabámonos todos [...] para cantar [...]. Do tempo que pasei alí quedoume case todo o que sei das diversas materias que se nos aprenden [...]; a aptitude

para me crear unha disciplina persoal ao tempo que un espírito crítico aguzado».

«Me pusieron en tercero» de preparatorio, conta por carta, o 9-11-1931, ao seu amigo coruñés José Naya Freijido [1914-2000], e engade: «así que para el año que viene entro en primer año de bachiller» [Reproducida por María Lopo, *O tempo das mareas. María Casares e Galicia*, 2016]. Das súas impresións iniciais lembra que: «Descubrín até que extremo o apelido Casares [...] levantaba entre os meus compañeiros todo un ruxerruxe; e tamén até que punto o meu acento galego facía rir. [...] De súpeto, cara a cara cos meus compañeiros, apareceron dous sentimentos na miña alma e na miña consciencia. Dunha banda, un amor obstinado aos acentos e ao canto fondo da miña terra de nacemento, Galicia [...]. Doutra banda, un movemento máis íntimo e complexo en que a vontade de afirmación, a necesidade de ser recoñecida e nomeada, as ansias de conquista se encontraban en loita coa afección pola independencia e un individualismo rabuxento que conservan aínda hoxe en min unha nostalxia indestrutíbel polo anonimato».



1933 febreiro

Gripe, broncopneumonía e convalecencia en Ronda

[María con seus pais en Ronda. 1933.

Archivo General de la Administración]

A comezos de 1933 a gripe foi máis intensa do habitual e a finais de xaneiro, en Madrid, diversas personalidades políticas e ministros padeceron a enfermidade, entre elas Santiago Casares Quiroga. Pola prensa sabemos que o 30 xa está encamado, con 39,5 graos de febre, e que o 2 de febreiro a súa filla María está grave con broncopneumonía. Tras a súa melloría, o 12 dese mes trasladáronse a Ronda, Málaga, para convalecer da súa afección pulmonar e repoñer forzas.

María recórdao nas súas memorias, pero non fai referencia á gravidade que pasou seu pai ao ser tuberculoso: «Estiven a piques de deixar de existir. Efectivamente, unha formidable broncopneumonía (dobre! será posible?) [...]. Encontreime na gran cama da miña nai, con máis de corenta graos de febre, empapada

en suor; atenta, cando non deliraba, ao tremor de angustia que percorría os contos que mamá inventaba para me distraer, e para exorcizar o mal [...]. E de vagar, no mundo de heroes e heroínas que mamá me creaba, erguinme triunfante [...], e disposta acompañar aos meus pais a Andalucía, a Ronda [...]. Foi alí, no centro, onde me achaba entre meu pai e miña nai, por fin xuntos, onde recuperei o silencio, a música, as plantas, os insectos, o tempo, e as longas lecturas [...]; a miña convalecencia transformábase en instantes de graza e a miña enfermidade en privilexio. Pero unha chamada urxente veu arrincar a papá daquel lugar [...]; e pouco tempo despois da súa marcha, nosoutas reunímonos con el en Madrid».

En realidade, regresaron xuntos o 4 de marzo en tren. Seu pai, como ministro de Gobernación, tiña que facer fronte, xunto con todo o goberno republicano-socialista de Azaña, ás consecuencias da matanza feita o 12 de xaneiro polas forzas de seguridade na insurrección anarquista de Casas Viejas. Meses despois, en setembro, coa crise do goberno de Azaña, seu pai deixaría de ser ministro.



1933 maio

A biblioteca infantil de María Casares

[María Casares lendo no expositor da súa biblioteca infantil.
Fotos publicadas en *La Voz*, esquerda, e *Nuevo Mundo*, dereita.
11/12-5-1933]

En maio de 1933, as bibliotecarias Juana Capdevielle e Juana Quiles, do Seminario de Biblioteconomía da Universidade de Madrid, organizaron a primeira exposición de Bibliotecas Infantís en España. Celebrada no Círculo de Bellas de Artes de Madrid, pretendían impulsar a edición de libros infantís e a creación de bibliotecas populares infantís. Aínda que non o lembranas memorias, entre os expositores estaba a biblioteca de María Casares.

«He aquí por exemplo, la biblioteca de la hija de un señor ministro. María Victoria Casares, hija del consejero de Gobernación. Un saloncito de lectura, en muebles pequeños, oscuros y cuidados. Una lámpara de mesa, un cacharro con flores grandes, un pájaro de madera tallado por Compostela [pseudónimo do escultor galego

compostelá Francisco Vázquez Díaz, 1898-1988]. Hay dos muebles con libros. Libros impecables, brillantes, nuevos. Entre ellos, el *Peter Pan*, el *Tarzán de los monos*, unas ediciones infantiles del *Lazarillo*, de Lope de Vega, de Dickens, de otros grandes autores. Libros de Arte y de Geografía. Cuentos». [*Nuevo Mundo*, Madrid, 12-5-1933]

«Sentadita en una silla baja esta María Victoria Casares, hija del ministro de Gobernación, custodiando su biblioteca. De vez en cuando cambia de sitio un volumen, colocándolo donde ella cree que es más decorativo.

—¡Cuántos libros tienes! ¿Es qué te gusta mucho leer?

— Mucho, mucho. Lo que más me gusta son los libros de Tarzán. Aquí los tiene usted todos. Y más que me va a comprar mi papá.

Sobre la mesita tiene también María Victoria una lujosa edición del “Quijote” en dos tomos.

—Este libro —dice— me lo ha regalado D. Fernando de los Ríos [socialista, catedrático de Dereito, deputado, ministro na II República] por tener esta biblioteca tan bonita». [*La Voz*, Madrid, 11-5-1933]



1933? - 1935?

A gaiola máxica do teatro: a Vella e a Nai Terra

[María Casares no seu papel de vella. Xuño de 1933?
Reproducido de María Casarés, *Résidente privilégiée*, 1980.
Foto coloreada]

María, nas memorias, recorda as súas primeiras postas en escena. Comezou cando «tiña dez anos», no festival escolar de fin de curso do Instituto Escuela: «Unha peza de Benavente, *El príncipe que todo lo aprendió en los libros*, na que se me confiou o papel dunha fada ou bruxa, unha velliña que prodigaba os seus bos ou malos consellos — xa non sei— ao príncipe mozo que partira en viaxe polo mundo». Lembra a súa preparación e o seu facer «que, cos meus propios ouropeis e aquel bastón que eu pedira para me servir de apoio ou de varíña máxica, buscaba a voz, o estar, o xeito de andar, o comportamento dunha vella centenaria —fada ou bruxa?— que se agochaba en min». E descubriuse «exenta de tremores, de medo, inconsciente do público. Empapada dunha divina autoridade».

Uns anos despois, preto do Nadal de 1935, participaría na casa do dramaturgo e político republicano Ceferino Palencia e da súa muller, a escritora e diplomática Isabel Oyarzábal, na representación de dúas pezas. Na primeira, un drama de Oyarzábal, «facía unha personaxe simbólica: A NAI TERRA». Na segunda, uns «cadros viventes dun romancillo de cego», arremedaba «unha rapaza coqueta», cuxas peripecias «podíanse ler deica á súa fin trágica en banda deseñada, sobre un cartaz de cego» que sostiña Ceferino junior, fillo dos donos da casa e un dos organizadores do espectáculo. María comentaría: «Mais se foi aquí, na representación deste sainete, onde encontrei un gran pracer en participar, foi naturalmente no papel da Nai Terra, para o que me cumpriu buscar os berros da maternidade ferida e os chamados da terra abandonada, supoño que nas angustias do meu nacemento, no que logrei un forte impacto. Entre un público composto por xente nova e intelectuais, estaban Valle-Inclán e Lorca, asombrados, parecía; e... mamá, convencida».

«E mentres eu pensaba que só me emprestaba a un xogo, anoábase un pequeno fío ao meu arredor para pecharme na gaiola máxica do teatro; e no teatro, en primeiro lugar, na expresión trágica do mundo».



1934 febreiro

De chinesa no carnaval de Madrid

[María Casares co seu disface de chinesa.

Reproducido de María Casares, *Résidente privilégiée*, 1980.

Foto coloreada]

«Aos once anos por mor da forma dos meus ollos, oblicuos, mamá que se ocupaba aínda de frivolidades, decidiu disfrazarme de chinesa. Era a primeira vez que se admitía que eu participase verdadeiramente na festa; porque até daquela tiña que observar o desfile das carrozas do alto do balcón ou conformarme, no medio da multitude que cubría as beirarrúas, con lanzar as miñas serpentinas e o meu confeti [...]. Agora a idade permitíame participar nas reunións, bailes e o continuo ir e vir cotián no decorrer de toda a semana do carnaval, na que cadaquén paseaba o seu traxe durante horas pola avenida da Castellana, no medio dos risos, dos chifres, dos cumpridos».

Nese ano de 1934, o carnaval durou do 9 ao 17 de febreiro. No entanto, o disface escollido, o dunha «princesiña asiática» feito co «maior esmero», e o

desexo de ser «raíña» da mascarada, fixeron que, en vez de desafofarse no barullo, pasease pola festa «muda, os ollos baixos e as mans xuntas no corte das mangas, atenta só a non me desviar desta figura oriental que encarnaba». Ademais, o primeiro día, os zapatos chinos que levaba e que só tiñan un talón cadrado no medio, producíronlle un gran cansazo. Por iso, a súa nai decidiu cambialos por uns zapatos xaponeses, con dous talóns, un na dianteira do pé e o segundo na traseira. A pesar dese cambio, non sabemos en que reunión ou sociedade de Madrid, foi «elixida para o baile de peche, no que, aínda despois de facer secretas e verdadeiras fazañas sobre os meus catro tacóns para seguir á miña parella nos movementos do valse, gañamos, el e mais eu, as honras do primeiro premio». Non quedou contenta.

«Por iso, un ano despois, tiña doce anos, xa unha muller, só quería arranxarme para imitarme o máis posible a todas as mulleres; escollín, logo, a moda romántica moi popularizada entre as rapazas da miña idade, e, desta vez, non pasei máis traballo ca o do traxe, que sen me dar o menor accésit, deixoume, no entanto, un recordo de pracer, conquistas, danzas e excitantes desacougos».



1931 - 1936

Transformacións

[María Casares. Óleo de Luis Mosquera. 1935?
Concello da Coruña. Foto Andy Pérez]

Dos nove aos trece anos, María viviu en Madrid: «A puberdade. O primeiro salto fóra da terra natal, do seo familiar, do casulo protector dunha infancia privilexiada. O primeiro exilio». Nese tempo de cambios físicos e psicolóxicos, houbo dous períodos distintos, separados polo verán de 1933. Simbolicamente, aínda que non con exactitude, coinciden —ela sinalao— cos cambios de residencia, primeiro na rúa Alfonso XI, e despois en Alfonso XII, e de lugar de estudo, o preparatorio no Hipódromo e o bacharelato en Atocha. Tamén, aínda que ela non o di, van en paralelo á traxectoria política de seu pai: ministro ata setembro 1933 e deputado da oposición desde novembro dese ano.

María deixounos retratos de como era. «Cando imaxino esta picariña de nove anos, decidida, sólida, co nariz redondo e o bico aguzado, [...] vestida coa súa saíña curta que non sabía levar a xeito, dúas trenzas atadas

cun nó á cabeza, sen forma aínda, pechada, turróna, achicada, a tremar [...], erguerse e atacar con voz firme e o rostro en bágoas os infortunios do rei Rodrigo cun alto e longo queixume onde o acento da terra e o seu canto se batían cos octosílabos casteláns, preguntome de onde me viñan a ousadía e a forza e esa carga de magnetismo que conseguían impor o silencio arredor, e que me empurraban, a min, a crebar toda barreira de inhibición, de pudor, de até urbanidade, para lanzar desta sorte, ollada ao fronte, coma fera na area, este estraño grito de batalla [...]: *Las huestes de Don Rodrigo / desmayaban y huían*».

«Tiña once anos, cortáranme as trenzas, e malia que aínda demasiado musculosa e gordecha, refinárame unha miga; arranxábame correctamente e pese a que miña cabeza inda conservaba a súa posición inclinada en ángulo recto no extremo do corpo, emprestando á miña silueta a traza da forca ou da aforcada, aprendín a disimular os meus terrores urbanos tras dun bosquejo de sorriso. A cidade organizábase aos poucos ao meu arredor en decorados xa familiares, que eu xulgaba cargados de emocións, de esperanzas, prometedores de encontros, de excitacións descoñecidas».



1926? - 1935 veráns

Na praia de Bastiagueiro

[María Casares, no centro, e unhas amigas na praia de Bastiagueiro. Agosto de 1935. Institut Mémoires de l'édition contemporaine. Reproducido de María Lopo, *O tempo das mareas. María Casares e Galicia*, 2016. Foto coloreada]

Dos seus veraneos en Montrove, María evoca os baños na praia de Bastiagueiro: «A praia estaba case que deserta, longa e delgada media lúa de area fina coa marea alta, media lúa grande ao se retirar o océano. Só algúns pescadores de cangrexos se movían de vagar nos rochedos e aló, no fondo, un grupo de paisanas montańesas a quen o médico recomendara un mes de baños de mar [...]. Ao lonxe, viámolas achegarse á beira de mar, vestidas con sacos de fibra vexetal destinados a embalar as patacas [...]. Despois volvían correndo á area e como o saco se pegaba á pel, fuxían a esconder o escándalo tras as rochas. E outra vez, ficábamnos outras señoras absolutas da praia onda as gaivotas e os pulgóns de area.

NOSOUTRAS eramos mamá, Susita e máis eu. Estaba tamén Pilarita [López Novoa, 1921-2005], a miña amiga; e con ela algunhas persoas da Coruña que viñan

bañarse cos seus fillos a Bastiagueiro e que, alí, *no meu reino*, xa non me intimidaban. Estaba Celia, unha solteira delgada, baixa, fea e adorábel [...]. Ás veces, había tamén visitantes de Madrid, xente incrivelmente friorenta [...]. Ao volver da praia, unha comida saborosa, farturenta e ben forte agarda, para desaparecer, a nosa voracidade, e á mesa, encontrábamnos ás veces a papá e sempre a tía Candidita».

Tamén lembra, neses retornos da praia, a imaxe da súa nai: «Subíamos a costa esgrevia os uns atrás dos outros, derreados, esgotados, na relaxación total que dan os baños de sol e de mar batido. Eran as dúas da tarde e na calor doente do mes de agosto, chegábamnos á casa cheos de cansazo, de fame, de ardentía, de sal e de luz. Miña nai camiñaba diante de min, nun cegamento de olladas azuis, de risos, de cabelos dourados zarrapicados aquí e acolá de papoulas e de margaridas collidas ao longo da corredeira [...]. Dereita, fachendosa, libre, inzada de pracer, de felicidade, de sal, de vento, de beleza, subía compasadamente [...]. Eu seguía ao tempo que a fitaba, apampada por tanto esplendor».



1933 - 1936

Adolescencia

[María Casares no Parterre do Parque do Retiro de Madrid. 1935. Institut Mémoires de l'édition contemporaine. Reproducido de María Lopo, *O tempo das mareas. María Casares e Galicia*, 2016. Foto coloreada.]

María relátanos os seus cambios na adolescencia: «A asistencia ao Instituto Escuela virábame, a modo — coma unha luva— proxectándome cara ao exterior, e mudaba a pel coma as serpes. [...] Xa non enxergaba, xa non observaba nada; en Montrove pensaba en Atocha, do mesmo modo que en Atocha soñaba con Montrove; estaba por toda parte e en ningures; e na rúa Alfonso XII, esquecía o esencial do que me rodeaba [...]. No tocante aos meus pais, víaos moi pouco. As súas conversas durante as comidas [...] batían contra a teimosía carraxenta que eu empregaba en non entender nada, en non ver nada [...]. Así pois, a revolta de Asturias, as folgas, a axitación social, o debate parlamentario, a morte de Calvo Sotelo [...], todo isto e máis o resto pasou naquela altura por debaixo ou á beira da miña “pequena persoa ocupada xalundes”, e sensíbel só á crispación,

á palidez, á delgadeza, ao decaemento e ás veces ás ondas de amargura e desprezo, sinais concretos que devastaban o rostro de papá. [...] Isto, isto era o que me interesaba. Os desexos do despertar sexual engulían en min calquera outra preocupación; acababa de chegar a puberdade en Bastiagueiro, na auga iodada do océano».

«E foi buscándome a través dos meus compañeiros [...] que encontrei alí, no equipo, a amizade desinteresada, carente de calquera cobiza persoal, que ía darme —xunto co teatro— a chave para entrar no mundo e liberarme nel. Alí aprendín tamén a amar en min á muller. Ocupada por completo con todas as miñas compañeiras en chegar a ser aquela que debía completar a partes iguais ao home que cada unha esperaba para se realizar [...]. Foi tamén en Atocha que coñecín as primeiras ollas do amor, a súa forza e a miña perversión».

E máis adiante conclúe: «Así e todo, as semanas e os días ían indo, inchados de novas enerxías, de recobradas plenitudes, dunha magnífica certeza canto ao futuro infinito, namentres a democracia española, atormentada á dereita e á esquerda, tentaba encontrar o seu equilibrio pendurada dun fío».



1936 xullo

No inicio da Guerra civil

[Santiago Casares Quiroga, presidindo o seu primeiro consello de ministros. 13-5-1936. Colección Sánchez Arévalo]

Desde o 13 de maio de 1936 seu pai presidía o Consello de ministros, co apoio parlamentario da Fronte Popular e sendo Azaña presidente da República. Nos meses seguintes, o malestar social e político incrementouse e os sectores contrarios ían preparando un golpe de Estado militar. A tensión aumentou co asasinato de Calvo Sotelo o 13 de xullo. Nesas días a familia de María preparaba a súa partida de Madrid para pasar as vacacións: «Esther volvera á Coruña coa súa pequena. En *Villa Galicia*, [...] Leonor e a tía Candidita esperábannos. En Madrid, Maximino cargara o coche coas nosas equipaxes e tiñamos que deixar Alfonso XII con miña nai ao día seguinte [o 17] antes do mediodía.» No entanto, a súa nai decidiu retrasar a partida. «E esa mesma noite, unha chamada de Marrocos anunciaba a meu pai a sublevación do exército».

Segundo María, «a lembranza máis arrepiante que me deixou a guerra de España non se vincula a ningún feito real. É o da primeira noite, o que seguiu á chamada telefónica que anunciaba a sublevación militar en Marrocos. Non teño nin idea de como me informei do acontecemento; só sei que me encontrei con meus pais e Susita e Maximino no Ministerio de Guerra. [...] Enrique Varela, o meu cuñado [...] estaba alí [...]. Xente, outras persoas, outros colaboradores entraban, saían, rosmaban, xesticulaban, apurábanse, pillados por unha axitación confusa e sen fin, pesados e torpes, coma nun sonho. Para min era como se cortaran o son; pero, de súpeto, tiven a papá diante de min, de aceiro coma unha espada, e escoitei. Díxome que tiña marchar sen demora á casa de Amalia de la Fuente, no outro extremo de Madrid, para pasar alí a noite tranquila. Mamá decidira ficar onda meu pai.» Durmiu axitada por sonhos aterradores. «Ao día seguinte souben que non pasara nada, que a noite estivera totalmente tranquila e creo que o mesmo día me levaron á miña casa na rúa Alfonso XII. Alí xa non soñaba: a casa que eu volvíñ encontrar era realmente a dunha familia de loito».





1936 xullo - agosto

Pai miliciano e nai enfermeira

[Gloria Pérez Corrales no Hospital Oftálmico lendo un capítulo dunha novela a un ferido convalacente. Bibliothèque Nationale de France. A foto de Videia foi publicada en *Crónica* de Madrid. 23-8-1936]

Ás tres da madrugada do 19 de xullo, Casares Quiroga dimitiu. Así o reflectiu María nas súas memorias: «Papá xa non formaba parte do goberno daquela República na que deixara os seus folgos, todo o seu afervoamento, a súa mocidade e a mellor parte de si. Porque quería armar ao pobo nas primeiras horas da sublevación militar, vírase forzado a “dimitir”; e por razóns... de Estado, por mor da súa amizade con Azaña, e por circunstancias que prohibían toda escisión entre aqueles que debían defender as liberdades de España, foi reducido ao silencio e aceptou ficar para sempre como un exemplo de capitulación ou de incapacidade. A pesar de todo, pouco tempo despois da súa presunta dimisión, o pobo entraba pola forza nos arsenais de Madrid para se armar. [...] Só meu pai ficaba ferido para sempre. E mentres el collía o camiño da serra como simple miliciano, mamá dispúñase a axudar nun hospital, o Oftálmico».

A súa dimisión e o reparto de armas seguen sendo obxecto de debate. Segundo a versión oficial: «Al dimitir ayer el Sr. Casares Quiroga, se proyectó un Gobierno [presidido por Martínez Barrio] cuya composición tendía a facilitar una solución que permitiese el rápido acabamiento del grave conflicto planteado por quienes se rebelan contra el régimen republicano; pero pronto quedó evidenciado que no había caso para tan generosa iniciativa [...]. Por eso se acordó que continuara el Gobierno que venía funcionando sin más variación en su estructura que la de sustituir a D. Santiago Casares Quiroga y a D. Juan Moles, quienes, alegando el grave quebranto en su salud, exigían que se les reemplazase». [*Heraldo de Madrid*, 20-7-1936]

Nos días seguintes, colaborou co novo goberno de Giral e marchou a combater na Serra do Guadarrama: «Casares Quiroga, en la puerta del Ministerio de la Gobernación. Viste un “mono” de mecánico. [...] Un periodista, señalando el traje proletario del ex presidente del Consejo: —¿Dónde va usted así? —A la Sierra. En estos momentos, todos los españoles debemos ser soldados del Gobierno». [*Mundo Gráfico*, Madrid, 29-7-1936]





1936 agosto - outubro

No Hospital Oftálmico de Madrid

[Grupo de médicos, enfermeiras e feridos no xardín do Oftálmico. Foto de Videia publicada en *Crónica* de Madrid. 23-8-1936. Biblioteca Nacional de España. María Casares (1) está no centro, atrás do doutor Ayans sentado]

«Cando vin a meu pai deixar a casa para ir á fronte e a mamá ofrecer os seus servizos no Oftálmico, pedín ir con ela e tras dun primeiro rexeitamento categórico, como eu insistía con ímpeto, papá, logo de me avisar que ía ser duro, aceptou finalmente. Xa que non tiña coñecementos que me permitisen axudar aos médicos, decidiuse deixarme ao cargo, despois dunha proba definitiva, dunha sala de doce camas, onde o meu traballo consistía en limpar o lugar, mudar as sabas, axudar aos que estaban impedidos en todas as súas necesidades, aseo, alimentación, vestido, etc. Ao xantar, unha vez servidos os que non se podían mover, ía para a cantina a axudar a pór a mesa [...]. O meu servizo, se non estou enganada, comezaba ás nove da mañá e acababa ás oito da tarde. Cunha pausa entre as dúas e as tres que me permitía ir a casa para xantar».

O Oftálmico comezou a funcionar, o 27 de xullo, como hospital de guerra, con 80 camas, para feridos en ollos e extremidades. Na súa preparación e despois no seu funcionamento, prestaron servizo voluntario «un grupo de señoras de Izquierda Republicana, entre las que se cuentan la señora de S.E. el presidente de la República, doña Dolores Rivas Cherif de Azaña; señoras de Casares Quiroga, Esplá, Madariaga, Escribano, Carreras, Lezama, De Miguel, Gil y Mesa». [*Ahora*, Madrid, 26-7-1936]

Para María o servizo no hospital foi duro, o traballo e o que presenciou provocáronlle varios esvaecementos. «Cantas semanas ou meses estiven no Oftálmico? Non o sei. Aquel período preséntaseme cunha densidade para colmar unha vida enteira e a un tempo incrivelmente breve. Sei soamente que cara a mediados de outubro, meu pai tomou a decisión en firme de nos enviar a Barcelona, e logo a París. “Para que non perdeses os meus estudos”, díxome cun brillo de ironía “antracita” no ollar. E tamén, engadiu, porque, despois dun terceiro esvaecemento, xa era hora de coidar a miña saúde. Mais que fose esta a razón, dubido aínda».



LYCEE VICTOR DURUY
PARIS 1936-1937

1936 novembro

O exilio en París, Francia

[María Casares (1) e as súas compañeiras e profesoras no liceo Victor Duruy. Curso 1936-1937. Institut Mémoires de l'édition contemporaine. Reproducido de Berthe Judet, *Photobiographie Maria Casarès*, 1984]

Tras a caída de Giral, o 4 setembro de 1936, e o inicio dos gobernos obreiros de Largo Caballero, Casares Quiroga deixa de ter influencia no poder. Quizais o temor pola súa seguridade e saber que a súa filla Esther estaba presa polos franquistas [foi detida o 2 de setembro en Miño] influíron na decisión de enviar a Gloria e a María a Francia. Aproveitou o traslado, a finais de outubro, de Azaña a Barcelona para que fosen ata alí [*La Voz*, Madrid, 30-10-1936] e logo, tras unhas semanas, pasar a fronteira. Chegarían a París «o 20 de novembro de 1936, coido. Eu sei que ao día seguinte ou ao outro, festexaba o meu décimo cuarto aniversario mirando ao Sena».

Despois de instalarse nun pequeno apartamento no hotel París-New York, dedicaron as primeiras semanas ao turismo. Pasado o Aninovo de 1937, María púxose «a aprender o francés» no «pavillón dedicado so ás estudantes estranxeiras» do liceo Victor Duruy. Así o

recorda: «Benditos meses! Se houbese algúns rapaces entre nosoutras, esta escola non tería nada que envexar ao Instituto Escuela. E ademais, tratábase de aprender a coñecer unha lingua, os seus escritores, os seus poetas; axiña fun unha das primeiras e, coma no Instituto, axiña sorprendín as miñas camaradas na clase de recitación [...]. Fóra das horas de clase, [a súa profesora madame Wurmser] convidábanos, sacábanos a pasear, mostrábanos París».

Foi daquela cando, nunha noite, ceando na casa do actor Pierre Alcover, na sobremesa, este «subrepticamente aguillado por mamá, quixo oír recitar en español “un romance castellano”. Erguinme, entón, e comecei a tremer; despois a chorar, e despois: *Las huestes de Don Rodrigo / desmayaban y huían* [...]. No final da miña intervención, [a actriz Gabrielle] Colonna exclamou: —Ten que facer teatro, mentres Alcover rosmaba polo baixo: —Ten, se non, vai afogar. Nunca souben se foron os meus dotes os que primaron nese intre ou o estado no que me puña cando tiña que mostralos. Fose o que for, mamá non perdeu a ocasión. Chantoume, de repente. —Queres facer teatro? Así, diante de todo o mundo. Eu respondía: Si».

Nacía unha estrela.